

proceso
adiante 
Relanzar o proxecto nacionalista

CONCLUSIÓN

Conclusións do Proceso Adiante

INTRODUCCIÓN

Na XV Asemblea Nacional do BNG aprobamos iniciar un proceso de refundación do BNG que tería que culminarse, antes do paso dun ano, mediante a realización dunha nova Asemblea Nacional. Nese sentido, o Consello Nacional, decidía na súa primeira reunión tras a XV Asemblea Nacional, lanzar o Proceso Adiante. Ese proceso, dividiuse en varias fases adaptábeis nos seus tempos e formas á conxuntura electoral.

Entre os meses de Abril e Maio, desenvolveríase a segunda fase do mesmo que consistiu na realización de máis de 120 asembleas abertas a nivel local por todo o país, nas que participaron máis de 1.800 persoas (das que máis de 600 foron persoas non militantes) que debateron sobre os tres grandes bloques temáticos deste proceso de refundación marcados na XV Asemblea Nacional. Por cada unha desas reunións levantouse un acta (dispoñíbeis en www.adiante.gal) que permitirían elaborar un extenso informe sobre todos e cada un dos debates subcitados en cada localidade, así como as propostas, críticas ou suxestións procedentes de todo o territorio.

O cronograma inicialmente aprobado, teríase que ver paralizado por mor da repetición das eleccións Xerais o 26 de xuño. Unha vez finalizado ese proceso electoral, e tal e como se tiña previsto, tentamos dar comezo á terceira fase do Proceso Adiante, que consistirá, na realización dunha serie de mesas sectoriais e encontros temáticos para aprofundizar en cada un dos temas subcitados nas localidades e realizar xa propostas concretas. Nese sentido, o Consello Nacional do BNG, tomaba a decisión de crear unha Comisión de reforzo e impulso deste proceso de refundación coordinada por Francisco Jorquera e Leticia Santos e de participación aberta a calquera militante interesad@.

Esa Comisión constituiríase e mantería a súa primeira xuntanza o 8 de xuño. Na mesma decidiuse crear sete mesas sectoriais de traballo e abrir un período para que calquera militante que o desexase se puidese inscribir naquelas nas que estiver interesad@.

Por mor do período estival e o adiamento electoral das Eleccións Galegas ao mes de setembro, decidiuse volver paralizar o proceso Adiante e, polo tanto, o desenvolvemento das mesas sectoriais acordadas, até o mes de outubro.

Ante a posibilidade de que puidera haber unha nova repetición das Eleccións Xerais o 18 de decembro a Executiva Nacional do BNG manexou dous escenarios diferentes para retomar os traballos do Proceso Adiante.

Finalmente, ante a non repetición das eleccións xerais, convocaronse as seguintes sete mesas sectoriais en dúas ocasións (a primeira os días 11 e 12 de novembro e a segunda os días 2 e 3 de

Conclusións do Proceso Adiante

decembro):

- **MESA 1:** A realidade económica da Galiza de hoxe (cambios experimentados na estrutura económica e na estratificación e estrutura de clases. A nova realidade no mundo do traballo e das condicións laborais). A situación demográfica (avellentamento, despoboamento, emigración xuvenil)
- **MESA 2:** A situación lingüística e cultural e os cambios experimentados no sentimento de pertenza nacional.
- **MESA 3:** Cambios no comportamento político e electoral e na percepción social do nacionalismo.
- **MESA 4:** Obxectivos estratéxicos e propostas tácticas.
- **MESA 5:** Construción do discurso (como e que comunicar) e intervención social.
- **MESA 6:** Modelo organizativo
- **MESA 7:** O papel das Asembleas e outras formas de participación. A participación dos e das simpatizantes.

Finalmente, por decisión das e dos participantes en ambas mesas, decidiuse fusionar os contidos das mesas 6 e 7 nun único documento.

A esas mesas sectoriais apuntáronse perto de 200 militantes de todo o país, máis a participación final foi menor e moi desigual en función da comisión. Nas mesmas empregáronse por vez primeira mecanismos de participación non presencial a través documentos colaborativos e a retransmisión das reunións por streaming facilitando así a participación de persoas con interese, pero con dificultades de asistencia, especialmente da nosa militancia na emigración.

Nelas aprobáronse uns guións básicos de contidos e se estableceu un prazo de achegas por parte das persoas interesadas. A partir de aí, as e os coordinadores elaboraron uns primeiros borradores de cada unha das mesas sectoriais que serían debatidos nunha nova quenda de reunións presenciais os días 2 e 3 de decembro.

Finalmente, as e os coordinadores, transmitiron uns textos definitivos ao Consello Nacional para o seu coñecemento e que puideran servir de base aos traballos da Comisión delgada do Consello Nacional para a redacción das Teses da XVI Asemblea Nacional do BNG.

MESA 1

A REALIDADE ECONÓMICA DA GALIZA DE HOXE

I. Situación económica xeral

A economía galega experimentou profundas mudanzas nas últimas décadas, que tiveron fitos determinantes na incorporación do Estado español na Comunidade Económica Europea, despois transformada en Unión Europea, e posteriormente no euro, así como un novo novo punto de inflexión na crise recente que aínda se prolonga. Esta evolución non pode entenderse se a desligamos do desenvolvemento desigual do sistema capitalista a escala mundial e rexional, mais tampouco se esquecemos a fasquía colonial das relacións económicas en que se insere o noso país que, á súa vez, derivan da súa opresión política e se interrelacionan co proceso de dominación e subordinación cultural que conforman o marco de dependencia.

Neoliberalismo e crise

A maioría dos trazos da situación económica actual correspóndese coas tendencias históricas do desenvolvemento do capitalismo, aínda que outros están máis marcados polo patrón neoliberal máis recente, propio das últimas décadas. Entre os primeiros salientamos a alternancia de períodos de expansión cos de crise, a tendencia á concentración e centralización do capital e o consecuente predominio do monopolio privado, o que se traduce nunha cada vez máis poderosa e compacta oligarquía empresarial-financeira a exercer un poder omnímodo. Os segundos veñen enmarcados polo contexto internacional, en que se rexistra unha longa ofensiva, deseñada polo neoliberalismo amplamente hexemónico, contra os dereitos e conquistas de traballadoras, traballadores e os pobos e que, á vez, pretende funcionar como unha resposta do capital ante unha crise histórica e de longo prazo.

Neste sentido, impulsouse nas últimas décadas un novo patrón de acumulación e reprodución do capital que ten como trazos máis distintivos unha maior tendencia ao estancamento e a consecuente redución dos períodos de expansión económica e produtiva, a propensión ao aumento da desigualdade social, a superexplotación da forza do traballo e a imposición de novas regulacións que favorecen a precarización e a inestabilidade, a diminución dos salarios reais, a desaparición do pleno emprego mesmo como obxectivo e o crecemento da desocupación, o estancamento xeralizado, un novo modelo de organización laboral, a febre especulativa, a homoxenización do proceso de produción de mercadorías --con regras e normativas definidas polas grandes corporacións transnacionais no seu propio beneficio e favorecido polo desenvolvemento tecnolóxico--, ou a aceleración no proceso de fusión de capitais (financeiro e produtivo). Todo dentro dun cadro xeral determinado pola financiarización económica e a mundialización das relacións económicas, consubstancial á vixente etapa imperialista do desenvolvemento capitalista e de que é expresión concreta a chamada globalización.

Este modelo tivo, e ten, tamén efectos no ámbito discursivo e no plano ideolóxico. Neste sentido,

Conclusións do Proceso Adiante

asistimos a un continuado intento de lexitimar socialmente o papel do capital e xustificar as súas funcións no mercado. Un exemplo moi clarificador é a denominada cultura do “emprendemento”, que a partir da negación da existencia de intereses sociais (de clase) contrapostos, presenta a empresa como un axente económico neutral e a cultura empresarial como un valor socialmente positivo. A chamada neolingua permite, pois, a través da adopción de novos termos (significantes) manipular deliberadamente a realidade, alterando os significados. Desta maneira, naturalízase a explotación laboral e créase o marco de pensamento propicio para resolver, en falso, o conflito social a través da concertación e o pacto.

Depredación e desregulación

O desenvolvemento económico a escala global, baixo o hexemónico marco do capitalismo neoliberal e a súa globalización imperialista, materializouse nunha chave netamente depredadora tamén do punto de vista ambiental, obviando os límites do medio natural e impoñendo sobre estes a procura e maximización do lucro privado. Neste sentido, a disputa arredor das materias primas estratéxicas, e recursos enerxéticos e a auga, acrecentaron as tensións territoriais e son o pano de fondo da escalada belicista do imperialismo a nivel internacional. A sobreexplotación dos recursos naturais, e a irrupción de formas extractivas aínda máis agresivas, como o caso do fracking, visan o alcance da ameaza. A Galiza non é allea a esta dinámica xeral, e xa que logo, é indispensable avanzar cara a un modelo económico sustentábel que teña en conta tamén os límites ambientais, fixando como un obxectivo de carácter estratéxico reducir a dependencia de combustíbeis fósiles e outros vectores enerxéticos de carácter contaminante. No concreto, cómpre desenvolver unha fiscalidade ecolóxica, aplicar criterios ambientais na contratación pública.

A mundialización da economía, promovida pola globalización, materialízase tamén nunha continuada ofensiva en chave de liberalización e desregulación da economía, para eliminar barreiras normativas (dos estados) que poidan dificultar o libre tránsito comercial e, sobre todo, o fluxo internacional de capitais. A desregulación supón, ademais, facilitar a disputa por espazos e ámbitos económicos baixo control público, como por exemplo servizos esenciais como a sanidade ou a educación, para os converter en novos nichos de mercado para o capital privado. No plano comercial, a fracasada estratexia impulsada ao abeiro da Organización Mundial do Comercio, foi sucedida polo despregamento dunha vaga de tratados de libre comercio de nova xeración, que están fundamentalmente destinados a beneficiar o grande capital transnacional. A ese obxectivo serven tratados como o Acordo Transpacífico (TPP), o TISA (servizos), o CETA (UE-Canadá) ou o TTIP (UE-EUA), que de se materializaren na práctica significarán a definitiva prevalencia do lucro privado e dos intereses do capital, por encima da soberanía nacional e dos intereses da maioría social. Será elevar a rango de lei a primacía do mercado sobre a democracia formal.

O marco de dependencia

Conclusións do Proceso Adiante

No noso país, este modelo vén determinado pola nosa articulación dependente no Estado español, pola ausencia de poder político e de reflexión propia sobre o modelo de desenvolvemento do país, e loxicamente polas decisións políticas e xeopolíticas dos distintos gobernos de Madrid, á vez submisos ao deseño neoliberal da Unión Europea. Neste camiño foron fundamentais as decisións dos anos 80, coa imposición do pacto social no contexto da transición, a aceleración das fusiós bancarias, as mudanzas no seo da clase dominante (empresariado e banca) e a asimilación e neutralización de parte do movemento obreiro do Estado español, nomeadamente as centrais sindicais maioritarias -o que contrastou coa resistencia dun modelo sindical nacionalista e alternativo na Galiza. A reconversión industrial, a incorporación á OTAN e a entrada no Mercado Común foron emblemas do período, e en todos os casos foron presentadas como necesarias condicións para un modelo determinado de modernización, que se defendía como o único posíbel, mais que en realidade foi deseñado á medida do capitalismo mundial e dun sector do empresariado español. O mercado e os distintos actores internacionais terán un papel moi relevante no novo proceso, que pretendía unha nova inserción do Estado español na economía mundial, ao que os gobernos de Madrid responderían con estrita aplicación das posicións e recomendacións máis conservadoras, e coa reserva dun papel secundario e dependente para a Galiza. As negociacións de adhesión á CEE ilustraron perfectamente estas posicións.

A historia política anterior, coa longa presenza da ditadura, a asimilación de partidos e organizacións sindicais, e o control da opinión pública, explican a aceptación destes esquemas de actuación económica, entre outros factores. A política desenvolvida no treito final dos anos 90 polo Partido Popular profundizou nos esquemas neoliberais xa deseñados polo Partido Socialista e reforzou o dominio e agresividade das institucións europeas. A Unión Europea e as súas institucións predecesoras sempre foron instrumentos funcionais ás necesidades do capital, o que tivo como tradución no noso país os vetos a determinadas producións industriais, a imposición de prexudiciais políticas comúns agrarias e pesqueiras, o impulso do proceso de privatizacións, e o apoio e estímulo da desvalorización da forza de traballo. Nos últimos anos aumentaron as capacidades das institucións europeas -que carecen de funcionamento democrático mesmo homologábel aos procedementos habituais nos estados- para promover a centralización e a rendibilidade co capital, mesmo coa supervisión ou intervención non-declarada da política macroeconómica, orzamentaria, fiscal e laboral de parte dos estados membros, como acontece na actualidade co español, o que ten un expoñente -non único- nas chamadas políticas de austeridade -que se aplican ao gasto social e o investimento público, mais non no rescate da banca.

Aínda con todos os custos que tivo que pagar o pobo galego e a súa clase traballadora, o resultado deste modelo é palpábel: a nivel internacional, revelouse incapaz de crear unha nova fase expansiva da economía capitalista, en que predomina o estancamento e en que se sucederon

Conclusións do Proceso Adiante

diversas crises, primeiro en territorios periféricos ou semiperiféricos [mexicana, asiática, rusa, arxentina] e despois mesmo en áreas dos seu centro [Estados Unidos e con extensión ao Espazo Europeo, singularmente no leste e o sur do continente]; no caso do conxunto do Estado, a economía continúa dominada por unha gran debilidade e vulnerabilidade, con elevada dependencia da evolución do mercado internacional, dos prezos da enerxía e o lastre dunha débeda pública contraída de modo ilexítimo. Ademais, o Estado español insírese na dinámica dos que reducen os gastos sociais, expanden as privatizacións e reducen o sector público -mesmo en áreas tan fundamentais como a educación e sanidade- e deseñan unha fiscalidade que grava fundamentalmente as clases populares e traballadora, co aumento dos impostos directos sobre os ingresos medios e co incremento xeralizado do principal imposto indirecto, o IVE. Existe toda unha corrupción estrutural que non só se manifesta nas fraudes, subornos e todo tipo de delitos económicos que tanto marcaron a actualidade política nos últimos anos, senón que deriva da relación entre o poder político e económico. As previsións macroeconómicas nos últimos anos non prevén unha situación diferente, coa estabilización dos niveis de desemprego, superexplotación ou débeda pública, entre outros factores de grande inqueda.

No caso galego, é definitorio a ausencia de poder político independente que teña capacidade de deseñar, armar e definir un modelo produtivo propio, o que se advirte no escaso desenvolvemento do tecido industrial, no fluxo do excedente económico cara a fóra, nas limitacións de sectores que poderían ser cruciais para un outro desenvolvemento, como o financeiro, naval, enerxético, pesqueiro ou agrogandeiro, e nas dificultades para a aparición doutros novos. Nunhas circunstancias diferentes, que merecen a nosa atención é ás que a continuación faremos referencia, podemos apreciar a continuidade dalgúns elementos estruturais que derivan da dependencia, como a condición de reserva de man de obra barata e a apropiación de recursos económicos e materias primas que nutren o capital español sen propiciar un desenvolvemento propio.

Galiza no contexto estatal

Partindo do suposto de asunción da diagnose económica xeral, que se fai do papel da economía galega como conxunto, na súa inserción no contexto español, europeo e mundial, aportamos uns novos elementos que poden contribuír a iluminar aspectos non explicados do funcionamento interior da economía galega, así como amosar outros que explicarían o percibido e/ou interiorizado polos galegos na súa vida diaria .

Para isto examinamos determinados datos do nivel de benestar social que proceden de exames realizados polo INE desde a perspectiva do gasto realizado e/ou atribuído, así como indicadores de benestar xeral.

Conclusións do Proceso Adiante

A primeira consideración é a respecto do valor de mercado do salario galego. Si é certo que é máis baixo que a media do Estado pero tamén o é que aquí é máis barata a cesta da compra e a dispoñibilidade/acceso a outros bens necesarios que non se contemplan nela. Os alimentos son máis baratos en Galiza e o acceso a bens de ocio común tamén, para unha grande maioría da poboación.

Nos "Indicadores de calidade de vida" (2015) , no exame das Dificultades para chegar a fin de mes, sitúa a Galiza entre as CCAA de menor dificultade. Se a media española é de 14,8% persoas con dificultades en Galiza(ao mesmo nivel que Navarra) é menos do 10%. Son as dúas de menor dificultade.(Por exemplo Canarias hai 34,8%).

No exame de carencia material da poboación de 16 e máis anos en que se examinan 9 datos referidos á dispoñibilidade material, os galegos situámonos moito mellor que a media española: con resultados mellores que CCAA como Cataluña e semellante a Madrid cunha renda per capita moi superior á galega (a media española é de 15,7% e Galiza 11,8%) En carencia material severa os datos nosos son mellores que os cataláns, que os de Madrid e mellores que a media española (media estatal: 5,9%,e Galiza 4,3%).

En canto á esperanza media de vida ao nacer, o estatístico galego mellora con moito á media española e sitúanos ao mesmo nivel que países moito máis desenvolvidos. Como se sabe este indicador é un sintético do benestar e de calidade de vida: expresa que socialmente se está en condicións de vida e saúde de soste persoas moi lonxevas, e o que é moi importante é unha tendencia en aumento, expresando así o seu carácter de característica válida para reflexar ese aspecto de calidade de vida. No ano 2014, a esperanza media de vida era 80 anos para homes, 86 para mulleres moi semellante á de Xapón por exemplo.

Outro indicador de benestar é a propiedade da vivenda: temos a maior porcentaxe de titulares en propiedade das súas vivendas e a maior parte xa pagadas: máis do 65%. Estamos no mesmo rango que Euskadi, Navarra e La Rioja, e moito mellor que a media española.(dados Censais de 2011).

Se nos referimos a un outro elemento como é o número de turismos existentes, non temos precisamente un parque automobilístico escaso (outro asunto é o servizo á que se dediquen, se é ou non racional o transporte privado))é de 1.216.506 turismos, case un por cada dous habitantes, e deberíamos engadir outros vehículos en número de 500.000, que inclúen transporte de persoas e de mercadorías polo que non se teñen en conta xa que representan actividade económica e non gasto de consumidores.

Se finalmente nos referimos - de pasada- a un outro indicador de avance social, Galiza (2014) é a

Conclusións do Proceso Adiante

CCAA do Estado de maior porcentaxe de afiliación feminina á Seguridade Social: o 93,64% do total son afiliadas, en porcentaxe semellante á países moitos mais desenvolvidos. (a media española é de 86%, e Madrid por exemplo 92%).

Estes indicadores non poñen en cuestión o marco de dependencia, nin os seus efectos na nosa economía, que se traducen fundamentalmente no freo ao desenvolvemento produtivo e o drenado de recursos por parte do Estado. Tampouco contradín os preocupantes indicadores no que atinxe a desigualdade e o crecente empobrecemento, por mor da crise e das políticas de axuste. Visan, en todo caso, as fortalezas relativas da nosa economía e das súas especificidades positivas (reparto da propiedade da terra, facilidade de acceso a insumos alimentarios...) en comparanza coa media estatal e con outros territorios, cifrando o punto de partida sob o que se terá de avanzar na conquista de inda maiores niveis de desenvolvemento, benestar e cohesión social, valéndonos da riqueza e das potencialidades que ten o país.

II. Situación do tecido produtivo do país

É evidente que nas últimas décadas mudou de forma acelerada a importancia relativa de cada sector económico: se partimos da tradicional distribución en sectores económicos, e sen ánimo de exhaustividade, podemos comprobar como en 1980 a maioría da poboación ocupada -preto do medio millón- se localizaba no sector primario, na actualidade son menos de 70.000 persoas, tras un proceso de destrución da actividade que foi erroneamente equiparado cun proceso de modernización económica xeral. No outro extremo sitúase o heteroxéneo sector dos servizos, que na primeira data empregaba a menos de 350.000 persoas, para ocupar na actualidade a máis de 700.000 persoas e converterse no primeiro sector con moita diferenza. Canto á distribución porcentual de cada sector, a agricultura e pesca pasaron de representar o 41,6% a menos do 7%, en canto os servizos pasaron de menos da terceira parte -30,8%- a case dous terzos -71,2%. A industria mantense en porcentaxes semellantes, cun lixeiro descenso do 17 ao 15%.

Se analizamos con maior detalle e internamente os distintos sectores podemos apreciar a súa ausencia de articulación nun modelo de desenvolvemento propio, o que se aplica mesmo en sectores con grande capacidade de exportación, como o téxtil, ou no sector do automóbil, como no bancario -coa desaparición das caixas e a ausencia case total de sector financeiro propio que permita reverter aforros e beneficios-, ou os xa mencionados sectores naval ou agrogandeiro, afectados por un declive inducido de longo alcance. Parece palpábel, ademais, que existirían moitas máis posibilidades de desenvolvemento en moitas outras actividades, como o móbel -se se liberase da dominación de empresas escasamente transformadoras-, as telecomunicacións ou a biotecnoloxía, entre outros.

Por outra parte, temos que ter presente a enorme diversidade e heteroxeneidade do sector

Conclusións do Proceso Adiante

servizos. A clasificación tripartita en tres sectores non é a única posíbel, e se ben ten as súas virtudes -ao permitir, por exemplo, comparar economías de forma xeral ou a evolución dunha en particular, como facemos neste proceso- tamén pode encubrir de maneira excesivamente xeneralista unha situación interna complexa. Neste sector agrúpase grande cantidade do traballo precario e de peores salarios, mais en realidade tamén existen servizos que están estritamente vinculados á produción e, por tanto ao sector secundario, así como servizos de alta cualificación e tecnoloxía. Os ámbitos predominantes son o subsector do comercio, seguido das actividades sanitarias e os servizos sociais.

III. Estrutura de clases e realidade socioeconómica

Esta transformación en canto á ocupación e a situación dos sectores revela tamén unha transformación na estrutura de clases, que decorre en paralelo e á vez con especificidades á que ten lugar en todo o capitalismo mundial.

Ademais, hai un proceso de precarización e informalización do traballo desenvolvido por distintos segmentos de diversas clases sociais, e que tamén ten unha certa determinación xeracional xa que as novas xeracións de traballadoras e traballadoras non gozan de todos os dereitos conquistados no pasado e incóporanse ao traballo nas condicións laborais e na lexislación xeral imposta polo modelo neoliberal. Así, a mocidade padece unha intensidade especial esta situación, xa que non só se destrúe emprego, senón que se modifican, abrupta e sustancialmente, as condicións do que se crea, con manifestacións relevantes na redución de salarios reais, na escasa duración dos traballos, na elevadísima rotación entre empregos, etc...

En relación ao tecido empresarial galego, a súa composición acusou tamén os efectos dos procesos de concentración que se aceleraron coa crise. No entanto, en Galiza hai 60 sociedades con facturacións anuais por encima dos 100 millóns de euros, e outras 13 sociedades con facturacións anuais de máis de 500 millóns de euros. 7 destas corporacións declararon beneficios superiores aos 100 millóns por exercicio, e outras 2 tiveron resultados positivos de máis de 500 millóns de euros.

As principais actividades, con base nos ingresos obtidos (datos do ano 2014), que describen o tecido empresarial radicado na Galiza, son a confección téxtil (24,2% do total), automoción e equipo (12,7%), agroalimentaria (11,3%), pesca (10%) e construción (8,5%). En todas elas salienta a predominancia de corporacións transnacionais e de tecido empresarial de capital foráneo. En 2015, oito das cen maiores fortunas no Estado español eran de orixe galega.

Xaora, o groso de actividade económica e do emprego desenvólvese na pequena e mediana. En 2014, o 87,42% das empresas con actividade no noso país tiña entre 0 e 2 traballadores/as

Conclusións do Proceso Adiante

asalariadas. En troca, nese ano, só o 0,19% das empresas empregan a máis de 100 traballadoras/es. Nese mesmo ano, o 62,40% das empresas eran titularidade de persoas físicas fronte o 37,60% artellado sobre sociedades de diferente tipoloxía (de responsabilidade limitada, anónimas, cooperativas...).

En conclusión, podemos apreciar que non diminúe, senón que aumenta a importancia do traballo asalariado e dos seus suxeitos nos procesos de produción e acumulación de capital, así como o número das persoas que dependen do ingreso que provén do traballo asalariado, así como as pensións e aforros que proveñen do traballo exercido no pasado.

Non obstante, o traballo asalariado, cun papel central na economía capitalista moderna, convive coa presenza do autoemprego, cunha notábel importancia socioeconómica: así, existe no noso país un importante número de traballadoras e traballadores por conta propia -máis de 200.000. Tradicionalmente o autoemprego ten un peso relativo pequeno na industria, mentres tiña unha base importante na agricultura -sector determinado hoxe polo seu pequeno volume ao que xa fixemos referencia- e un tamaño moito maior nos servizos, onde é predominante hoxe. As chamadas traballadoras e traballadoras autónomas enfróntanse en moitos casos con procesos de depauperación agravados pola crise, que loxicamente levou á desaparición das empresas de maior debilidade.

Aínda que son formalmente presentados como empresarios -e o predominio ideolóxico neoliberal vai querer reforzar e prestixiar esta identificación-, o concepto de traballadoras e traballadores autónomas poden en realidade encubrir situacións diferentes, desde aquelas que non empregan traballadoras, até as que teñen poucos empregados e que -aínda que empregan en números totais a unha cantidade significativa de traballadoras- participan nunha medida moi pequena na distribución global das ganancias; ou finalmente unha capa minoritaria que emprega máis traballadores/as e que accede a máis ganancias, de forma subordinada ás grandes corporacións mais condicionadas polas regras da competencia. Desde esta situación contraditoria e diversa, boa parte dos/as autónomos/as comparten as dificultades e inxedanzas do persoal asalariado, se ben a partir de problemas diferentes que teñen que ver coa tributación, as condicións de xubilación ou os distintos dereitos por incapacidade temporal. Unha dimensión diferente, pola súa condición de fraude, sería a dos falsos autónomos, que pretende encubrir a relación empresa-traballador como un pacto entre iguais, unha relación empresa-empresa que se emprega para negar dereitos laborais ou mesmo para fragmentar a clase traballadora. e través da cal o empresariado transfire integramente os custos da cotización social á clase traballadora, privándoa dos dereitos e condicións laborais que lle corresponderían e afondando na súa desprotección diante de dinámicas de explotación.

Todos os indicadores revelan unha situación aínda máis precaria para as mulleres traballadoras,

Conclusións do Proceso Adiante

que revela unha fenda estrutural: é menor a taxa de actividade en case 10 puntos, 2 puntos maior a do desemprego, tres de cada catro contratos a tempo parcial corresponden a mulleres, os salarios son 5.000 euros inferiores de media ao ano, e as pensións son moi inferiores.

Os últimos anos deixan unha crise económica de profundidade que veu se instalar sobre este cadro previo. Tivo como consecuencia a longa estela de consecuencias innegabelmente catastróficas: destrución de emprego, en termos absolutos e relativos, co descenso de poboación ocupada; crecemento da saída de emigrantes, destrución da poboación, etc... Como consecuencia das decisións económicas e políticas e das verdadeiras intencións que as animan -e non só de imprevisíbeis secuelas da crise- descende a participación na renda das asalariados e asalariadas, mentres medran os beneficios empresariais, e tamén os ingresos medios por fogar, ou as persoas sen ningún tipo de ingresos -que rondarían as 30.000 familias na actualidade. O único emprego que medra é o de menor duración e remuneración, consolidando o novo modelo de relacións laborais, o que provoca que un terzo das traballadoras e traballadores galegos chegue a cobrar o salario mínimo ou cantidades menores, segundo os datos dos exercicios fiscais. Aliás, a cobertura social retrocedeu de maneira notábel, deixando sen ningunha fonte de ingresos un número importante de fogares, o que, loxicamente, se traduce nun exponencial aumento do empobrecemento e a pobreza. O ingreso medio anual por fogar sitúase en 25.614 €, case 500 € por debaixo da media estatal. Nunhas 32.900 vivendas en que non existe ningunha persoa perceptora de ingresos, e case medio millón -467.300- en que só un membro precibe un ingreso económico. Como consecuencia, os últimos datos dispoñíbeis indican que arredor dunhas 80.000 familias padecen carencia material severa, ou que arredor do 37% dos fogares terían dificultades [16,6%] ou moitas dificultades [20,3%] para chegar a fin de mes. Por último, sinalaremos que a vivenda constitúe un ben de consumo duradeiro, de enorme trascendencia económica e moi apreciado pola maioría da poboación, con dous terzos das familias galegas con vivenda propia e pagada. Existen case un millón de vivendas construídas, mais a elas teñen moita dificultade de acceso mozas e mozos.

Tamén é particularmente relevante analizar a dimensión dos procesos de privatización dos servizos públicos no noso país, nomeadamente no caso da sanidade, o que se apreza en parámetros como a redución do orzamento público, os recortes de persoal, as distintas modalidades de "colaboración público-privada" como as empregadas nos novos hospitais, a extensión dos concertos cos centros alleos ao sistema público que se nutren del, a externalización de recursos estratéxicos do SERGAS ou o aumento do gasto sanitario por capita e do gasto en seguros privados, entre outros.

IV. Poboación e territorio

A evolución demográfica non só depende de factores económicos, xa que tamén interveñen

Conclusións do Proceso Adiante

elementos culturais e sociais, mais a súa conexión é innegábel, tanto como consecuencia -o saldo demográfico está determinado, en certa medida, polas capacidades económicas- como elemento á súa vez importante na estrutura económica -notabelmente polo aumento da poboación retirada e a diminución da activa. O avellentamento da Galiza, derivado tanto dun saldo demográfico estancado ou mesmo negativo nos vindeiros anos como do progresivo e aínda crecente aumento da esperanza de vida, que se sitúa agora mesmo na media dos 82,9 anos, aumentará o peso demográfico da poboación maior, coas súas demandas e problemática propia.

O debate sobre as pensións, presentes e futuras, anticipa un novo campo de disputa e recortes, onde o capital e o goberno do Estado recorren a argumentos de presunta eficiencia esquecendo como de costume a prioridade das consideracións sociais. É certo que a poboación ocupada descende, que os seus salarios tenden a diminuír e que, no entanto, aumenta a poboación pensionista, o que se traduce nunha crecente insuficiencia dos ingresos da Seguridade Social -cotizacións sobre os salarios- e nunha peor situación financeira do sistema público. Mais non podemos obviar que esta depende do sistema de ingresos dos salarios dos ocupados, xestionado desde o goberno español, e non da riqueza real xerada polo conxunto da economía galega.

En paralelo, nas últimas décadas rexistrouse un proceso de crecemento das formas urbanas e extensas, concentración urbana e inverso declive do rural, de crecemento tanto das cidades como nos inmediatos espazos urbanos periféricos e das vilas con relevancia comarcal. Os principais expoñentes sitúanse nas concentracións metropolitanas reais -independentemente das vicisitudes administrativas e institucionais- de Vigo e da Coruña, que suman un millón longo de habitantes, máis da terceira parte do país, e ás que se sumarían outros espazos urbanos na Galiza occidental, nomeadamente as áreas de Compostela, Pontevedra ou Ferrol -neste caso, con perdas de habitantes fortes na cidade mais cunha comarca urbana relevante.

Aínda que o proceso é diferente na Galiza oriental, tamén se observa con nitidez na intensa concentración da poboación nas cidades de Ourense e Lugo en relación á súa contorna, na urbanización das vilas da Mariña, no peso relativo de Monforte na súa comarca, e en xeral en todas as cabeceiras comarcais [Valdeorras, Verín, Ponferrada, entre outras] naqueles territorios onde se acelera o proceso de avellentamento e declive do rural. Polo contrario, menos dun terzo da poboación está distribuído de forma dispersa na maior parte do territorio galego -como datos relevantes, 195 concellos, que agrupan case medio millón de persoas, non teñen ningún núcleo urbano de 1.000 habitantes- nun rural afectado por profundas transformacións, marcadas en liñas xerais pola súa subsidiaridade das cidades, sen que exista unha soa proposta institucional que aspire ao seu renacemento, revitalización, desenvolvemento endóxico e crecemento demográfico.

O factor fundamental deste proceso é, sen dúbida, a concentración da actividade económica e do

Conclusións do Proceso Adiante

emprego nestes lugares, coa localización das principais empresas e industrias, dos servizos públicos e privados, das funcións administrativas e en xeral da priorización que o sistema capitalista impón dos espazos urbanos como centros de actividade. Por outra parte, a división institucional provincial, imposta por un goberno español hai máis de 180 anos de cóstas á realidade do país, revélase aínda máis obsoleta e ineficiente ante esta realidade.

V. A desarticulación financeira

Un dos cambios máis relevantes nos últimos anos atinxe á desarticulación do xa precario sistema financeiro galego. Neste sentido, encerra unha especial gravidade a bancarización-privatización do aforro galego, a través da venda das caixas galegas fusionadas ao banco privado Banesco, o que supuxo transferir á banca privada foránea unha parte substancial do aforro e os depósitos dos e das galegas.

Isto provocou que o noso país perdese o único instrumento financeiro de carácter semipúblico, que podía permitir o desenvolvemento dunha política de financiamento e crédito orientada á posta en marcha das potencialidades produtivas do país, o apoio aos seus sectores estratéxicos. As evidentes insuficiencias do Igape fan que este instrumento non estea en condicións de suplir esta importante carencia, que deixa o país sen un mínimo de instrumentación financeira para desenvolvermos unha economía autocentrada.

Á privatización e expatriación das caixas galegas engádense tamén os efectos da reestruturación bancaria, que se traduciu na absorción de entidades de capital galego por parte dos grandes grupos estatais, fortemente internacionalizados. Para alén dos efectos en termos económicos e financeiros, a desarticulación financeira tivo tamén gravísimas consecuencias do punto de vista laboral, tanto no que atinxe á destrución de emprego neto como á precarización das condicións laborais e salariais no sector bancario.

VI. Financiamento e fiscalidade

O actual modelo de financiamento responde ao deseño político do Estado español, trasladando ao plano económico a imperativa unidade político-administrativa, e axindo como o principal instrumento do centralismo español. É unha das principais causas que explican as relacións centro-periferia e que no caso do noso país se traduce na cronificación do marco de dependencia. Para alén de permitir a transferencia de recursos cara ao centro do Estado, drenando unha porcentaxe significativa da contribución dos e das galegas a través dos impostos, o vixente modelo de financiamento, que é indisociábel do deseño autonómico do que nace, priva o noso país da capacidade de se responsabilizar por si propio no que atinxe ao financiamento e á xestión dos recursos públicos.

Conclusións do Proceso Adiante

A redefinición do modelo de financiamento é unha materia pendente. Mil veces prometida, fica aínda pendente de se materializar. Para alén do máis, o discurso do españolismo teima en reducir o debate a un único indicador, as balanzas fiscais, que ademais de ser discutíbel na súa concreción só describe de maneira parcial, e interesada, o relacionamento económico do Estado español cos diferentes territorios. Emporiso, un novo modelo debera atender tamén outros factores, como a balanza comercial, os fluxos económicos e os enerxéticos, entre outros. Neste sentido, cómpre desenmascarar o discurso do “Estado benefactor”, que por pasiva se traduce na ilusoria “Galiza subsidiada”, e que unicamente ten fundamentación ideolóxica. A substancia diferencia entre o que se recada en Galiza e o que o país recibe en transferencias do Estado (en 2015 foron 4 mil millóns de euros menos), a expatriación de 15 mil millóns de euros en depósitos (aforro galego) para financiar créditos no resto do Estado, ou o feito de que haxa máis de 4 mil empresas que non tributan en Galiza a pesar de se aproveitaren en moitos casos dos recursos e riquezas do país, ilustran a realidade que o discurso estatal nega. Outros factores como o demográfico, e singularmente a predominancia de persoas idosas e a dispersión poboacional, deben ser tamén atendidos á hora de definir un financiamento xusto.

Trátase tamén dunha cuestión de operatividade, dado que se ben Galiza detén as competencias en materias tan relevantes como os servizos públicos esenciais (sanidade, educación...), a centralización actual do sistema fiscal no Estado inviabiliza podermos definir un marco fiscal propio que responda acadamente ás nosas necesidades específicas.

Responsabilizarnos por nós propios da xestión dos recursos públicos é unha condición indispensábel para lograr desenvolver un modelo económico autocentrado. Neste sentido, a aspiración do BNG é a de que Galiza acade un concerto económico, a pivotar sobre unha Axencia Tributaria Galega que asuma plenamente a recadación impositiva. Cómpre ademais un novo modelo de financiamento local que poña fin á discriminación que os concellos galegos padecen face outros territorios.

A posta en marcha dunha Axencia Tributaria Galega, con plenas competencias, permitirá ademais redefinir a política fiscal para a orientala nas coordenadas da progresividade e a equidistribución. O sistema impositivo debe servir para corrixir as desigualdades sociais redistribuíndo a riqueza. Baixo esa máxima, irrenunciábel, é evidente a necesidade de reordenar os esforzos impositivos, que hoxe cargan sobre as rendas máis baixas (rendementos do traballo) o groso da presión fiscal, e en troca, permite que as grandes rendas (e rendementos patriominiais e de capital) acheguen cada vez menos ao financiamento público. É urxente corrixir, até a súa total reversión, a preeminencia da imposición indirecta (regresiva), mais tamén equilibrar a contribución fiscal pola vía dos impostos directos, o que non se debe limitar en aumentar a presión fiscal sobre as rendas máis altas senón, tamén, en reducila nas máis baixas. Isto pasa por unha completa reformulación do IVE

Conclusións do Proceso Adiante

e do IRPF, e do imposto de sociedades, en tanto que alicerces fundamentais da fiscalidade. Cómpre tamén explorar a implementación de novas figuras impositivas que graven o grande capital (grandes superficies comerciais...) ou actividades que teñan un impacto social negativo (actividades contaminantes, refrescos azucarados...).

Aliás, non cabe fiscalidade socialmente xusta mentres non se combata de maneira efectiva a fraude fiscal que, segundo diversos estudos no noso país, atinxiría niveis próximos ao 25% do PIB, por encima da media estatal. Sobre todo, dado que a fraude é cometida moi maioritariamente por grandes fortunas e corporacións empresariais.

VII. A ditadura da austeridade

Na ofensiva contra o público ocupan un lugar central as chamadas políticas de austeridade, que limitando o gasto e o investimento público tencionan, en realidade, adelgazar o espazo da economía que fica aínda baixo control público. A disciplina fiscal e orzamentaria, imposta pola Troika (UE, BCE, FMI), e executada de maneira deliberadamente cómplice por parte dos gobernos do Estado español, quer do PSOE quer do PP, tradúcese na práctica nunha grave ameaza cara aos servizos públicos e tamén ao sistema de cobertura social (pensións, prestacións e subsidios). O grande capital pretende, por medio das estruturas institucionais que domina, restrinxir ao máximo a función social dos estados e o alcance das políticas públicas, para desta maneira, valéndose tamén da desregulación normativa, permitir a maior penetración do negocio privado nos servizos públicos e aprofundar na transferencia de rendas do traballo no seu beneficio, reducindo o salario indirecto que estes servizos representan para as clases populares.

Combater a crecente privatización esixe, xa que logo, de exercitar unha firme insumisión, en todos os ámbitos, face as políticas de austeridade. Un criterio que se torna vital, logo de que desde a Comisión Europea xa advertisen ao goberno español de que os orzamentos xerais para o próximo 2017 deben incorporar un axuste económico de entre 5.500 e 7.700 millóns de euros. Por experiencia sabemos como axusta as contas públicas o Partido Popular: recortando o gasto social, retallando os servizos públicos e empobrecendo salarios, pensións e subsidios. Estas políticas, por seren antagónicas ao noso proxecto de transformación social, deben ser combatidas por todos os medios, tanto despregando medidas que as contrarresten os seus efectos como exercendo a insumisión activa.

En consecuencia do anterior, defendemos uns orzamentos públicos –tanto a nivel galego como nos concellos-- que, sen comprometer a sustentabilidade económico-financeira nin incorrer nunha débeda inxestionábel, sexan expansivos alargando o gasto social e o investimento público, para atender con medios suficientes a situación de emerxencia social que padece o país, reverter os recortes practicados nos últimos anos nos servizos públicos e estimular unha recuperación

Conclusións do Proceso Adiante

económica e produtiva sólida. A política orzamentaria debe procurar tamén a máxima eficiencia, do punto de vista social, polo que é necesario implementar unha planificación axeitada dos investimentos e unha racionalización do gasto, que evite duplicidades, gastos superfluos e outras desviacións.

VIII. Alternativas: Poñermos a economía ao servizo do pobo e o desenvolvemento do país

Como xa se enunciou, a situación socioeconómica do noso país vén determinada tanto polo cadro xeral do desenvolvemento do sistema capitalista, incluíndo neste a vixente crise, como polos graves efectos que ten que a Galiza fique sometida a un marco de dependencia política e económica, tanto no que ten á ver co noso papel periférico no seo do Estado español, como tamén –e cada vez con maior importancia-- polo agravamento dese rol dependente a consecuencia da nosa forzosa inserción na UE e no euro. A negación da nosa soberanía por parte do Estado español alárgase tamén mediante o crecente e continuado proceso de transferencia do Estado cara ás institucións europeas, afastando aínda máis os centros de decisión da nosa realidade material e do noso pobo.

No entanto, as políticas concretas desenvolvidas polo Partido Popular, tanto desde o goberno español como desde a Xunta de Galiza, en troca de empregar o precario marco competencial autonómico en chave de contraposición a ese marco xeral, o que teñen producido é o efecto contrario. A recentralización do Estado por que aposta o españolismo, e singularmente o PP, materializouse tamén na omisión deliberada no que atinxe á posta en marcha de políticas económicas e produtivas propias. Un exemplo clamoroso é a palpábel desertización industrial, no que sectores chave para a nosa economía como a construción naval fican arestora diante do risco real de esmoreceren definitivamente.

O obxectivo político do nacionalismo neste ámbito non é outro que o de poñermos a economía ao servizo da satisfacción das necesidades sociais do noso pobo e ao noso desenvolvemento como país, pivotando sobre a posta en marcha das nosas enormes capacidades produtivas. Isto esixe, con carácter estratéxico, apostarmos na superación do actual marco de dependencia que nos impón a nosa inserción no Estado español, como tamén na Unión Europea e o euro, como condición necesaria que nos permita avanzar cara á construción dun outro modelo económico e social, destinado a atinxirmos unha sociedade xusta, igualitaria, plenamente democrática e libre de explotación. Aliás, a nivel táctico, o BNG debe pular polo despregamento dun programa avanzado con medidas económicas, laborais e industriais que no concreto permitan evidenciar, e forzar, os límites competenciais en chave de insubmisión á política de recortes ditada pola Troika e imposta, con plena complicidade, polo goberno español.

Ese programa avanzado, debera substanciarse atendendo estas liñas xerais:

Conclusións do Proceso Adiante

- Intervención pública directa na economía, destinada tanto a poñer en marcha as nosas capacidades produtivas como a avanzarmos cara a unha planificación económica, orientada á satisfacción das necesidades sociais e o desenvolvemento autocentrado, poñendo baixo control público sectores de carácter estratéxico.
- Reactivación do sector primario e das actividades industriais, e desenvolvemento de novos sectores produtivos (tecnolóxicos...), para reverter a terciarización económica e apostar na finalización dos ciclos produtivos na Galiza.
- Cuestionamento, tamén do punto de vista do concreto, do marco de dependencia (Estado, UE, euro), e das políticas de desregulación, e singularmente dos tratados de libre comercio.
- Apostar nun marco galego de relacións laborais e reorientar a política de emprego ao combate efectivo do desemprego, mais tamén da precarización das condicións laborais e salariais.
- Atender de maneira específica a realidade sociolaboral da mocidade e das mulleres, en tanto que segmentos máis castigados pola actual situación.
- Enraizar o desenvolvemento económico-productivo á súa inserción territorial, poñendo freo á desertización do medio rural, como mellor mecanismo para a fixación de poboación de cara a reverter o saldo demográfico negativo.
- Dotar o país de instrumentos financeiros públicos (banca pública, instituto galego de crédito e financiamento).
- Reforzamento substancial do sistema de protección social, garantindo o acceso a uns ingresos mínimos a toda a poboación sen emprego, e melloramento das pensións públicas, tanto nas súas contías como nas condicións de acceso.
- Apostar por un modelo económico e produtivo sustentábel no plano ecolóxico, atendendo os límites ambientais.
- Demandar un novo modelo de financiamento, promover unha fiscalidade socialmente xusta e desenvolver unha política orzamentaria que rache coa austeridade e aposte no gasto social e o investimento público.

Xa que logo, estas liñas trazan con clarezza unha orientación que ademais de ir no sentido radicalmente contrario ás políticas antigalegas e antisociais do Partido Popular, de se despregaren suporían un claro avance na transformación da nosa realidade, en favor das clases populares e traballadoras da nosa nación. Ademais permitirán ligar no concreto a demanda de soberanía nacional coa mellora das condicións de vida do noso pobo e na conquista da xustiza social.

MESA 2

A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA E CULTURAL E OS CAMBIOS EXPERIMENTADOS NO SENTIMENTO DE PERTENZA NACIONAL

En que punto estamos? Unha pequena análise

Cal é a foto fixa da situación lingüística e cultural galega a día de hoxe? Canto de Galiza hai no estado das cousas no tocante á lingua e á cultura? Canto da Galiza que coñecemos e canto da que agardamos? Non é preciso acudir aos informes estatísticos ou aos datos e análises existentes para nos decatarmos de que **tanto a lingua como a cultura de noso están nun proceso de perda de adhesión**. No primeiro caso, signifícase nunha **perda importante de falantes** e, o que é peor, **de transmisión interxeracional**. No caso da cultura, nunha cada vez maior **introdución de fenómenos culturais foráneos** (mesmo tradicións) e a substitución dos propios.

É esta unha situación grave? Si. É irreversible? Non. E desta base temos que partir para sermos quen de establecer liñas de actuación, estratexias e discursos que fagan virar este panorama actual. Mais sen esquecermos que **xa temos un traballo feito**, que non estamos comezando a andar, senón que levamos xa un camiño percorrido.

Está claro que a cultura e a lingua galegas pasaron por momentos moi distintos, con distintas dinámicas de uso e transmisión. E tamén é palpábel que durante os séculos XX e XXI esas situacións mudaron tanto e tan amplamente como o fixo a sociedade e a esfera político-económica. O nacionalismo leva xa anos de loita na procura dunha normalidade para a nosa lingua e a nosa cultura, unha normalidade que por veces semella estar lonxe. E cómpre poñer en valor esa bagaxe de análise, discurso e actuación. Cómpre recoller todo canto o nacionalismo ten dado para o obxectivo desa normalidade e **resituármonos con esa bagaxe nun tempo moi cambiante, mais cuns inimigos que continúan a ser practicamente os mesmos, e sermos quen de clarificar cánto de todo o acumulado segue tendo vixencia**. Probabelmente as análises que historicamente se deron a respecto da lingua e a cultura, e a respecto da conciencia nacional, sigan tendo unhas bases sólidas e cunha translación á actualidade. A diagnose non cambiou en grande medida. Mais é ben seguro que precisará unha **adecuación na forma de poñer en práctica o tratamento**, porque o contorno, **a sociedade, a conxuntura, son moi diferentes**.

Desde o nacionalismo, desde o BNG, promovéronse en distintos momentos históricos, ferramentas para a actuación a respecto da lingua e a cultura. Así, a actuación do nacionalismo viuse “descansada” en certa maneira, en asociacións culturais ou entidades como A Mesa pola Normalización Lingüística. Estas organizacións fixeron moito e bo traballo, mais tamén por iso, se cadra propiciaron a relaxación do BNG no discurso de defensa da lingua e da cultura. É necesario **recuperarmos a lingua para a primeira liña do discurso político**. Cómpre tamén facermos dela de novo a chave que nos abra a porta a unha maior concienciación de Galiza como nación.

As observacións e exames que desde o nacionalismo vimos realizando a respecto da lingua e das circunstancias polas que pasa, as conclusións ás que chegamos, moitas veces non son doadas de explicar e transmitir, porque non son doadas de asumir. Son diagnósticos que incomodan, pola súa crueza, porque sinalan os agresores e pónennos nunha posición en que nos decatamos de que,

Conclusións do Proceso Adiante

como se adoita dicir, “hai que mollarse”. Pode ser este o motivo polo que en certos momentos e en certos ambientes se nos teña percibido como agresivos/as na defensa da lingua. É agresivo quen se mantén firme cando pide a normalidade para a súa lingua? Cando quere ver cinema en galego, que o atendan en galego as empresas que lle prestan servizos, ou que a Administración lle responda na súa lingua? Ou isto é, como tantas outras cuestións, unha lenda urbana, un lugar común que até nós mesmos/as estamos chegando a asumir como certo? Temos que **tomar conciencia, asumir, admitir, que as nosas bases identitarias, a nosa lingua, a nosa cultura, están nunha situación delicada, e sermos quen de recoñecer as agresións e quen as promove**. Só así poderemos actuar certeira para atallar o problema sen caermos na asimilación dos discursos de quen busca precisamente a eliminación da nosa lingua, da nosa cultura, da Galiza mesmo.

É na actuación, na posta en práctica das vías de solución que debullemos, onde seguramente hai moito que modificar. Porque hai que **adaptar esa práctica ás mudanzas habidas no país e na sociedade**. As formas de imposición do español, por exemplo, mudaron. As maneiras en que se reprime o galego son hoxe máis disimuladas, sibilinas, e non por iso menos perigosas. O xeito en que chegan fenómenos culturais para ficar e substituír os propios, é moi distinto ao de hai, xa non cincuenta nin corenta, senón ao de hai mesmo dez ou vinte anos. Tamén mudou a forma en que se introduce no imaxinario colectivo a pertenza a un ente “nacional” que non é o noso (se antes era a través de coerción e represión, hoxe faise a través de cousas tan “inocentes” como o deporte, por exemplo).

Modificar e adaptar o discurso é necesario, e non implica renunciar á análise feita. É preciso **chegar dun xeito diferente, positivo máis firme, empático máis proactivo, desterrando a linguaxe e as mensaxes de quen actúa contra a normalización**, que en certos aspectos semella que temos recollido e feito nosas, e incorporando ao discurso nomenclatura propia, sermos nós quen manexe a comunicación da nosa mensaxe e, tamén, chegar á xente dun xeito en que poñamos en práctica o que promulgamos, adecuando a linguaxe a quen nos escoite e empregando unha lingua de calidade, sendo coidadosas e coidadosos no uso do galego.

Desfagámonos das supersticións, amosemos a realidade: é agresiva a persoa que quere vivir en galego a súa vida, ou é agresivo quen llo impide? Hai liberdade para escoller o idioma en que vivir? Non a hai, porque para que haxa liberdade, primeiro ten que haber opcións sobre as que escoller. Se só hai unha opción, non hai escolla posíbel. Isto é o que lle está a pasar a unha boa parte da sociedade galega, do pobo galego. A pesar desa aura de liberdade, a pesar desa aparencia de normalidade, hai hoxe por hoxe moitas persoas neste país que non “cheiran” o galego ou que están nun contorno lingüístico e cultural que ben podería ser de Murcia ou de Soria. **A desaparición de preconceptos non implica recuperación do uso.**

E a mocidade é o sector máis afectado por esta cuestión. Sobre todo a mocidade urbana. **A xeración máis nova non se criou escoitando galego na casa nin no contorno**, como moito, escoitouno na escola, nas aulas dalgunhas materias. Coas tradicións e usos sucedeu outro tanto. E

Conclusións do Proceso Adiante

así, esta xeración asumiu a lingua e a cultura galegas como algo que está aí, mais non necesariamente como algo propio, como algo que empregar e transmitir. **Esta xeración non ten aversión á lingua, non necesariamente detesta o galego. Simplemente, élle indiferente. A adhesión á lingua e á cultura galegas, está no seu momento máis baixo, e temos que recuperala.** Un dos nosos obxectivos debe ser atraer esta xeración cara á lingua e cultura que lles foron furtadas, para que volvan asumilas como propias e propicien o sentimento de pertenza nacional.

Neste escenario é onde temos que actuar. Individual e colectivamente. Somos axentes normalizadores, e **cómpre rearmarnos e intervir, adecuar a práctica á realidade actual**, mais tensionar e **recuperar para a primeira liña a cuestión da lingua**. A normalización é un proceso prolongado no tempo, en que cómpre reintegrar ao galego a esas persoas que o empregan diglosicamente e a aquelas outras que non o teñen en absoluto no seu contorno. É posíbel. E é preciso.

Propostas de actuación xeral

- **Recuperar a lingua para o primeiro plano político.** Poñer en primeira liña a promoción en positivo do noso idioma. Recuperarmos un discurso de defensa da lingua, firme e contundente.
- **Potenciar a actividade cultural galega de todos os xeitos posíbeis.**
- **Positivizar o discurso.** Achegamento á sociedade dun xeito práctico e atraínte, sen perder a firmeza, mais desde unha posición de empatía. Atraer a mocidade mediante o uso dunha linguaxe próxima, adecuada á realidade actual.
- **Dotármonos dunha nova linguaxe.** Desterrar a linguaxe que nos impuxeron, empregar nomenclaturas propias. Sermos nós quen fagamos chegar a nosa visión ao pobo, no canto de asumir a visión de quen está contra o galego.
- **Mellorar a calidade da lingua entre a militancia e cargos institucionais e orgánicos do BNG.** Uso constante dunha lingua de calidade. Temos que dar exemplo coa nosa actuación neste sentido.
- **Revisar a actuación do BNG alá onde goberna, no que respecta á lingua e a cultura.** Non podemos exixir o que o propio BNG non cumpre. Aquelas institucións onde o BNG ten competencia de goberno deben impulsar as políticas que defendemos. Do mesmo xeito, cómpre esixir que o fagan os socios de goberno, onde os houber. E onde non teñamos competencias de goberno, propoñer e facer o posíbel por que se leven a cabo esas medidas.
- **Crear novos espazos e alternativas para a lingua e a cultura.** Buscar novos espazos onde transmitir e onde difundir. A día de hoxe hai moitos ámbitos en que o galego non está

Conclusións do Proceso Adiante

presente ou o está dun xeito mínimo. Campos novos, tanto pola súa novidade como por seren fundamentalmente “zonas de confort” de xente moza, e en que debemos buscar alternativas para a introdución do galego.

- **Revisar o discurso sobre a lingua no ensino: cómpre apostar polo ensino monolingüe.** Sen medo e sen adornos, o mellor xeito de recuperarmos a lingua na mocidade é a inmersión lingüística no ensino.

Propostas de actuación no concreto

- **Promoción de todo tipo de actividades formativas e culturais** que empreguen o galego de xeito normal.
- **Coordinación** dentro do posíbel da **actividade cultural** de entidades ou organizacións de que o BNG fai parte, así como coordinación coa actividade que organice o BNG, para un maior rendemento. Fomentar a cooperación entre esas asociacións e organizacións do ámbito da cultura de cara a optimizar recursos.
- Fomentar a **implicación militante** (e tamén de simpatizantes):
 - **Formación constante da militancia**, e nomeadamente de cargos orgánicos e institucionais, para un uso da lingua con calidade e dunha linguaxe positiva. Tamén formación en historia, xeografía, mitoloxía, etnografía..., para coñecermos as bases sobre as que se asenta a nación galega.
 - Alentar á militancia a **manterse activa na esixencia dos seus dereitos como galegofalante** e na denuncia dos ámbitos onde o galego está excluído.
 - Campaña interna de **galeguización de nomes e restitución de apelidos**.
 - **Incorporación** da militancia **ao traballo das asociacións culturais e de defensa da lingua**. Convidar as persoas que se afilien ao BNG a que se integren en asociacións culturais ou de defensa da lingua.
- Fomento do emprego dos **símbolos nacionais** (bandeira, himno,...). Aproveitar o ano 2017, centenario da morte de Eduardo Pondal, para realizar unha campaña de difusión do Himno na súa letra íntegra e orixinal.
- Divulgación de **novos símbolos que poidan chegar a mocidade** ao nacionalismo. Identificación de elementos simbólicos no plano cultural que conviden á incorporación á lingua.
- **Achegamento ao reintegracionismo**. Adopción da norma internacional para certos usos e

Conclusións do Proceso Adiante

documentos.

- Promover a creación dunha **plataforma global** o máis ampla posíbel no ensino, **para pular por un ensino monolingüe en galego**.
- **Avaliar e facer seguimento dos acordos do Proceso Adiante** e da nosa actuación en materia lingüística e cultural.

MESA 3

CAMBIOS NO COMPORTAMENTO POLÍTICO E ELECTORAL E NA PERCEPCIÓN SOCIAL DO NACIONALISMO.

Conclusións do Proceso Adiante

O deseño de calquera estratexia de comunicación realista e eficaz debe partir do coñecemento e da análise do punto de partida real que temos, e moi especialmente daquel conxunto de percepcións sociais que operan sobre nós neste momento. E isto é así porque socialmente non somos o que dicimos que somos, senón a forma en que se nos ve e, por tanto, precisamos coñecer cal é esta para poder actuar sobre ela -e desde ela- coas nosas iniciativas e co noso discurso.

Como percibe hoxe o nacionalismo, e o BNG, a sociedade galega? Cal é a imaxe existente sobre nós? Que transmitimos na actual situación social e política? Que fortalezas e que debilidades ten a marca BNG? Que imaxes e construcións -típicos, prexuízos, valores positivos e negativos- están asentadas sobre nós e inflúen nas persoas que nos votan, naquelas que o fixeron e xa non o fan, naquelas que o poderían facer? Que podemos facer para mudar a súa percepción nun sentido favorábel? Que hai de verdade ou cales son as causas da identificación do BNG, en moitos lugares, con posicións e actitudes "ríxidas, paternalistas, antipáticas"? A quen debemos dirixir os nosos esforzos e de que maneira para mudar a forma en que nos ven?

1. PROCESO DE RE-CENTRALIZACIÓN POLÍTICA DESDE O ANO 2000. MUDAR AS PERCEPCIÓNS

Desde a maioría absoluta do Partido Popular no ano 2000 abriuse unha nova etapa na política do Estado español no que ten que ver co impulso dun proceso de re-centralización que ten as súas consecuencias, nomeadamente na Galiza, pola fortaleza da dereita española e a relativa febleza do sentimento nacionalista.

A estratexia recentralizadora da dereita tradicional española tivo repercusión en moitos ámbitos: desde a demonización do nacionalismo, a inxerencia nas competencias exclusivas das comunidades autónomas ou a imposición do español en detrimento do galego. Este proceso recentralizador está contextualizado nun movemento global onde o capitalismo é a ideoloxía imperante e que todo o que sae dese discurso remata por se considerar contrario ao ben común e, no caso do noso país, leva a demonizar o nacionalismo.

Isto considérase por diversos/as analistas como o caldo de cultivo para enxalzar a persoa en canto que "individuo" cos seus dereitos particulares. Así, chégase a utilizar a palabra "cidadanía" para englobar este concepto nun termo único. Isto xera un contexto de crise institucional, económica e social que favorece a aparición de novas formacións de corte "populista" nos últimos anos; algunhas destas formacións entran a competir no espazo da esquerda. Este discurso en que o "individuo" pasa a ser o centro é o que tamén xustifica movementos dentro do nacionalismo galego para apoiar alianzas que enfatizan a vertente esquerdista para reducir ao máximo a vertente identitaria, que ademais é considerada como negativa para esa "cidadanía".

A crise desenvólta no contexto interno do nacionalismo galego, nomeadamente no BNG como forza maioritaria mais tamén na desaparición doutro tipo de movementos e organizacións ao redor

Conclusións do Proceso Adiante

do nacionalismo e independentismo fixeron agrandar a percepción de desmoronamento dun proxecto soberano e axudaron nalgunha medida ao afortalamiento das forzas estatais na Galiza. Isto reflectiuse cunha serie de procesos electorais á baixa desde o ano 2002-2003 e a nivel interno coa visibilización pública case continuada de discrepancias, conflitos, marcha de militantes e con mudanzas periódicas dos referentes nacionais. Podemos dicir que a marca BNG sufría, até as pasadas eleccións galegas, un moi notábel desgaste social.

Neste período, a comunicación da nosa mensaxe fíxose cada vez máis complicada poloa escasa ou nula exposición nos medios convencionais do noso argumentario e pola dificultade cada vez maior de poder amosar o noso ideario con competidores que xogan a ambigüidade mais cunha marca centralizadora. Isto foise modificando desde a última Asemblea Nacional cun discurso máis próximo e con propostas entendíbeis máis compre permanecer nunha campaña continua para que a mensaxe dun proxecto emancipador cale na nosa sociedade. Así mesmo, as eleccións galegas do 2016 marcan un novo punto de partida e abren unha xanela de oportunidade para construír a imaxe positiva e con futuro do novo BNG. A sensación dun BNG aberto, inclusivo, solvente, rigoroso e beneficioso para unha gran maioría transversal da nosa sociedade, con novas persoas referentes públicas, axudou a conseguir un bo resultado electoral e permite afondar a partir del na construción do novo proxecto do nacionalismo.

Para o logramos debemos ser conscientes da mudanza dos tempos e dinámicas políticas. Da súa inmediata e da constante necesidade de impactos comunicativos. Desde que a espectacularización da política colonizou todo tipo de espazos mediáticos, non resulta esaxerado afirmar que vivimos nunha sorte de campaña permanente. Todo o que facemos día a día importa, todo comunica. O voto, a simpatía, a instalación dunha percepción positiva ou negativa sobre nós vaise definindo con cada impacto comunicativo.

O reto está en saber aproveitar o contexto para reforzar a percepción do tempo novo que se abriu. E para iso debemos contar cunha dirección estratéxica, que manteña a coherencia entre o que dicimos e o que facemos como forza política e desenvolva unha liña clara e recoñecíbel, que asente na sociedade a percepción que buscamos conseguir.

2. APARICIÓN COMPETIDOR DIRECTO. ANO 2012

No ano 2012 xorde un competidor electoral no BNG que até o de agora non existía: a fusión da esquerda estatal cunha parte recoñecíbel como “nacionalismo galego” até o de agora.

O contexto parte da situación que desde 1993 o sistema de partidos en Galiza estivo “conxelado” con tres forzas en competición. O ascenso electoral do BNG desde 1993 explícase nun contexto en que conflúen tres variábeis: a percepción por parte do electorado galego da centralidade política das forzas nacionalistas de Euskadi e Catalunya a nivel estatal, a crise do PSOE que repercute no


Conclusións do Proceso Adiante

PSdG e o acerto do BNG na aposta pola estratexia do “proxecto común” de unidade do nacionalismo. O éxito da táctica emprendida en 1987 de participación institucional sen perder a pulsión social toca o seu teito no ano 1997 nas galegas e en 1999 nas eleccións europeas e municipais. No ano 2012, aparece un competidor para a nosa organización no medio dunha crise interna. O novo competidor recolle votantes nosos desde a esquerda (co reforzamento nesta contenda de Izquierda Unida en Galiza) e tamén asociado ao nacionalismo xa que está capitaneado polo referente do BNG máis recoñecido até daquela. O “factor Beiras” con toda a carga histórica, referencial e de lexitimación nacionalista, unido á campaña de confusiónismo iniciada despois da Asemblea de Amio polas diferentes excisións que se produciron (plano cualitativo máis que cuantitativo), foron decisivos para explicar o devir electoral dun BNG que tiña que competir nun escenario moi complicado e en que xogaba con moitas desvantaxes.

Asemade, o modelo populista AGE estropoulouse ao contexto estatal con Podemos e posteriormente coas “Mareas” na Galiza. Nunca desde a Transición o voto de forzas estatais tivo tanto peso (véxase a gráfica 4 “PAES” – Partidos estatais) no noso país como no último período (94%).

Tamén é salientábel que o ascenso das forzas chamadas por eles mesmos do “cambio” se desgastase nun período breve dun ano despois dos contextos electorais e das súas propias contradicións.

O BNG, durante todo este período, traballou e esforzouse de maneira colectiva para amosarse como un proxecto coherente e analizamos que no futuro ten que seguir polo camiño aberto das galegas 2016 para a súa recuperación.



EVOLUCIÓN VOTO

4

3. EVOLUCIÓN ELECTORAL BNG/NACIONALISMO

Se observamos a evolución do comportamento electoral na Galiza desde 1977 concluímos que os partidos de ámbito estatal (o españolismo) teñen unha enorme fortaleza, chegando a superar o 90% dos votos nas eleccións xerais realizadas en 2015 e 2016 . É importante destacarmos que aínda que sempre obtiveron unha representación importante non foran ate este último período de copar case a totalidade do electorado. Así, historicamente as forzas de ámbito estatal non superaban o 70% en porcentaxe de voto no noso país en calquera proceso electoral.

O retroceso do nacionalismo é patente en moitos ámbitos: no sector urbano, nos novos e novas votantes, no votante de esquerdas... e precisa traballo específico para poder analizar as causas. Observando os datos, a evolución de voto e diferentes enquisas obtemos os seguintes resultados:

- **Perfil votante BNG/nacionalismo:** home de 35 a 54 anos con estudos superiores e con residencia nunha vila, de esquerda ou extrema esquerda e nacionalista. Este sería o perfil do “votante medio” do BNG, é dicir o perfil que máis se repite.

Desde o punto de vista etario, o crecemento electoral do BNG desde 1989 prodúcese nunha parte importante pola incorporación de novos/as votantes (nomeadamente desde 1993). Esta tendencia fréase no ano 2000 até a actualidade.

Constátase que o BNG deixou de ser atractivo para a xente máis nova, o que nos leva a composición dun electorado que está máis próximo dos 40 que dos 20. Aínda así, a porcentaxe de voto nacionalista nos/as novos/as votantes é mellor que a doutras franxas.


É de salientar neste punto que historicamente á nosa organización foi apoiada a nivel electoral por máis homes que mulleres mais, nas galegas do 2016, o voto feminino do BNG aumentou en porcentaxe con respecto a todos os anteriores contextos ficando case igual a porcentaxe de voto masculino que feminino.

- **Comportamento electoral nas cidades seguindo un “modelo urbano”:** constátase grazas a datos reais (véxase a gráfica 6) que hai un comportamento electoral urbano homoxéneo en case todas as cidades do Estado, é dicir: as forzas nacionalistas de Catalunya e Euskal Herria tamén sofren desgaste no ámbito das súas cidades, sendo as novas forzas estatais capaces de aglutinar a parte do seu electorado, nomeadamente nas eleccións estatais e é nas vilas medias e no rural onde manteñen as formacións soberanistas o seu voto ou mesmo recuperan.

Podemos concluir que nas cidades é onde o “individuo” e a “globalización” teñen a súa máxima expresión e onde hai unha grande influencia das televisións e das “modas” que se moven por

Conclusións do Proceso Adiante

intereses capitalistas que nada benefician os nacionalismos “periféricos” e que xogan a unha propaganda onde nin tan sequera existimos. De feito é no sector urbano onde máis se manifesta o chamado “votante flotante”, isto é, aquelas persoas que votan en función do proceso electoral sen manifestar unha preferencia definida por un partido ou outro. En termos teóricos poderíamos cualificalo como “voto contextual” ou “circunstancial”, ou mesmo “voto moda”.



EVOLUCIÓN VOTO

6

- **Concellos:** é incontestábel que alí onde temos alcalde/alcaldesa a percepción cara o BNG mellora. Máis tamén internamente é certo que entre a militancia do BNG descoñecemos o traballo onde gobernamos con iniciativas transformadoras que reforzan o BNG como forza diferente.

- **Identidade galega clara, mais non se concreta no nacionalismo:** en torno ao 20% do censo electoral galego (Datos CIS-pregunta 24- “Considérase Vd. Nacionalista galego?”, gráfica 8) afirma ser nacionalista, mais isto non se traduce na mesma proporción en apoio a forzas soberanistas.

Asemade, nesta gráfica podemos comprobar como parte do electorado do PP e do PSOE se autodenomina nacionalista galego (un 13,8% dos votantes do PP e un 13,3% dos do PSOE) feito que leva a concluír que a idea de nacionalismo non é congruente co comportamento electoral.

Nesa mesma pregunta hai un dato a destacar: na lembranza do voto con respecto ás eleccións galegas do ano 2012 máis do dobre de persoas lembran votar BNG (328 persoas) fronte AGE (164) dun total de 3.454 entrevistas. Este feito é contraditorio co resultado dese proceso electoral onde

Conclusións do Proceso Adiante

AGE sacou maior número de votos que o Bloque, o que demostra de facto como puido afectar a confusión a respecto da proposta nacionalista nas galegas do 2012. Tamén é evidente que non todo o electorado do BNG é nacionalista nun sentido estrito. De feito no estudo do CIS preelectoral das autonómicas de 2016 quedaba de manifesto que o 43% do electorado que lembraba ter votado BNG nas autonómicas de 2012 afirma que é tan galego como español, fronte ao 42% que di ser máis galego que español e un 13% que se considera unicamente galego.

Estes datos pouco variaron no contexto galego desde a transición máis si que é demostrábel que con traballo poden mudarse as tornas. Un exemplo é Catalunya: podemos ver na gráfica 11 como a principios dos anos oitenta a porcentaxe de persoas que se declaraban independentistas era inferior á Galiza cando agora nese país ronda o 50%. Amósase así que é posíbel cambiar o nivel de conciencia nacional e, neste sentido, é fundamental aproveitarmos a oportunidade política que se pode presentar en calquera momento, ou incluso xeralmente desde as limitadas capacidades que ten o nacionalismo galego na actualidade.

Pregunta 24

¿Se considera Ud. nacionalista gallego/a?


	Recuerdo de voto en las elecciones autonómicas de Galicia de 2012 [recodificada]												
	TOTAL	PP	PSdeG	AGE (EU-ANOVA)	BNG	Otros	En blanco	Voto nulo	No tenía edad	No votó	No tenía derecho a voto	No recuerda	N.C.
Si	20,1	13,8	13,3	34,2	58,2	18,6	8,0	-	19,4	13,3	31,0	20,7	18,2
No	77,4	83,5	85,2	63,2	40,1	80,1	90,1	97,3	79,6	84,7	69,0	76,2	74,1
N.S.	1,9	1,9	1,5	1,8	1,7	-	1,9	2,7	1,0	1,6	-	2,3	4,0
N.C.	0,7	0,8	-	0,8	-	1,2	-	-	-	0,4	-	0,8	3,7
(N)	(3.454)	(988)	(708)	(164)	(328)	(93)	(69)	(24)	(130)	(311)	(14)	(387)	(239)

- **Novos tempos precisan Novas caras:** Aínda que novas caras non teñen porque significar tempos novos si é certo que un tempo novo precisa sempre novos/as referentes. A imaxe do BNG ten que ser actualizada e mostrar que somos o mellor exemplo para traballar polo pobo galego. De nada vale coñecer as necesidades, achegar solucións se non o mostramos nunha mensaxe clara e concreta e a xente non pode verse reflectida nas caras visíbeis da nosa organización. Analizando os últimos resultados electorais e contextualizándoos no proceso de crise actual o feito da renovación das candidaturas e a personalización das campañas por do BNG é un traballo positivo de cara a achegarnos ao electorado.


As enquisas reflicten que o electorado non precisa fórmulas ambiguas se non que a percepción dun modelo claro fica na mente dunha maneira máis duradeira. É preciso que a construción nacional se acompañe cunha comunicación non abstracta e traballar día a día un discurso claro, coherente e entendíbel para a maioría do pobo galego. As persoas a que nos diriximos perciben como positivas as mudanzas que repercutan no benestar e é neste contexto, onde o noso traballo se fai fundamental pois só explicando de maneira clara, construtiva e con exemplos reais o pobo percibirá a necesidade de sermos soberanos/as.

Conclusións do Proceso Adiante

GALIZA	Censo	Votantes	Válidos	Nulos	Brancos	Part.	PP	%	P SOE	%	BNG	%	IU/ AGE	%	Podemos	%	CxG	%	C's	%	Outras	%
Europeas 1989	2.213.425	945.956	935.142	10.814	15.363	42,74	313.124	33,48	309.019	33,05	38.968	4,17	18.587	1,99							240.081	25,67
Xerais 1989	2.237.973	1.345.653	1.330.388	15.265	11.339	60,13	519.168	39,02	459.750	34,56	47.763	3,59	43.645	3,28							248.723	18,70
Autónomas 1989	2.246.455	1.336.868	1.325.947	10.921	5.285	59,51	583.579	44,01	433.256	32,68	105.703	7,97	19.774	1,49							178.350	13,45
Municipais 1991	2.250.050	1.406.523	1.399.726	6.797	11.388	62,51	565.551	40,40	441.467	31,54	107.932	7,71	52.196	3,73							221.192	15,80
Xerais 1993	2.292.997	1.596.856	1.585.230	11.626	13.762	69,64	746.964	47,12	569.899	35,95	126.965	8,01	74.605	4,71							53.035	3,35
Autónomas 1993	2.293.169	1.472.018	1.464.911	7.107	13.355	64,19	763.839	52,14	346.831	23,68	269.233	18,38	44.902	3,07							26.751	1,83
Europeas 1994	2.325.529	1.168.589	1.162.796	5.793	14.121	50,25	634.364	54,56	288.341	24,80	132.507	11,40	58.988	5,07							34.475	2,96
Municipais 1995	2.345.342	1.591.660	1.582.753	8.907	19.003	67,86	757.724	47,87	421.875	26,65	208.098	13,15	44.749	2,83							131.304	8,30
Xerais 1996	2.414.663	1.723.979	1.712.818	11.161	15.683	71,40	827.405	48,31	574.491	33,54	220.147	12,85	62.253	3,63							12.839	0,75
Autónomas 1997	2.565.369	1.603.731	1.595.667	8.064	20.937	62,51	832.751	52,19	310.508	19,46	395.435	24,78	13.964	0,88							22.072	1,38
Municipais 1999	2.471.980	1.579.569	1.564.982	14.587	24.043	63,90	710.324	45,39	395.189	25,25	290.187	18,54	14.386	0,92							130.853	8,36
Europeas 1999	2.531.114	1.539.370	1.525.102	14.268	20.740	60,82	760.863	49,89	360.325	23,63	335.193	21,98	17.333	1,14							30.648	2,01
Xerais 2000	2.547.781	1.656.655	1.645.488	11.167	21.703	65,02	888.092	53,97	389.999	23,70	306.268	18,61	21.127	1,28							18.299	1,11
Autónomas 2001	2.567.308	1.544.687	1.533.925	10.762	25.988	60,17	791.885	51,62	334.819	21,83	346.423	22,58	10.431	0,68							24.379	1,59
Municipais 2003	2.548.908	1.688.358	1.676.021	12.337	28.696	66,24	695.422	41,49	453.157	27,04	325.331	19,41	19.643	1,17							153.772	9,17
Xerais 2004	2.604.886	1.848.814	1.835.684	13.130	28.850	70,97	865.460	47,15	682.684	37,19	208.688	11,37	31.908	1,74							18.094	0,99
Europeas 2004	2.607.391	1.155.193	1.150.676	4.517	7.674	44,30	549.073	47,72	416.573	36,20	141.756	12,32	17.626	1,53							17.974	1,56
Autónomas 2005	2.616.811	1.680.202	1.672.556	7.646	20.912	64,21	756.562	45,23	555.603	33,22	311.954	18,65	12.419	0,74							15.106	0,90
Municipais 2007	2.616.027	1.660.560	1.646.011	14.549	26.615	63,48	655.640	39,83	478.024	29,04	315.279	19,15	22.587	1,37							147.866	8,98
Xerais 2008	2.638.816	1.859.754	1.846.488	13.266	19.289	70,48	809.879	43,86	750.492	40,64	212.543	11,51	25.308	1,37							28.977	1,57
Autónomas 2009	2.648.276	1.706.198	1.690.975	15.223	28.071	64,43	789.427	46,68	524.488	31,02	270.712	16,01	16.441	0,97							61.836	3,66
Europeas 2009	2.653.409	1.149.973	1.142.397	7.576	12.591	43,34	571.320	50,01	403.141	35,29	103.724	9,08	14.956	1,31							36.665	3,21
Municipais 2011	2.317.839	1.610.741	1.583.411	27.330	38.009	69,49	710.192	44,85	411.389	25,98	261.466	16,51	30.177	1,91							132.178	8,35
Xerais 2011	2.688.816	1.672.792	1.645.768	27.024	26.726	62,21	864.567	52,53	457.636	27,81	184.037	11,18	67.751	4,12							45.051	2,74
Autónomas 2012	2.697.717	1.481.379	1.443.848	37.531	38.448	54,91	661.281	45,80	297.584	20,61	146.027	10,11	200.828	13,91							85.094	5,89
Europeas 2014	2.706.931	1.046.827	1.019.957	26.870	30.126	38,67	359.068	35,20	222.195	21,78	80.394	7,88	107.095	10,50	85.102	8,34	9.812	0,96	16.484	1,62	109.681	10,75
Municipais 2015	2.284.944	1.508.097	1.480.148	27.949	24.360	66,00	528.951	35,74	389.893	26,34	190.344	12,86			17.647	1,19	28.319	1,91	300.634	20,31		
Xerais 2015	2.705.852	1.664.951	1.642.232	22.719	17.349	61,53	609.623	37,12	350.220	21,33	70.863	4,32			410.698	25,01			148.852	9,91	34.627	2,11
Xerais 2016	2.701.771	1.587.661	1.567.196	20.465	14.726	58,76	650.831	41,53	348.014	22,21	45.252	2,89			347.542	22,18			135.125	8,62	25.706	1,64
Autónomas 2016	2.701.865	1.448.962	1.434.418	14.544	14.037	53,63	682.150	47,56	256.381	17,87	119.446	8,33			273.523	19,07	4.109	0,29	48.553	3,38	36.219	2,52




EVOLUCIÓN VOTO




EVOLUCIÓN VOTO

Conclusións do Proceso Adiante



EVOLUCIÓN VOTO

4



EVOLUCIÓN VOTO

7

Pregunta 22

Le voy a presentar ahora algunas fórmulas alternativas de organización territorial del Estado en España. Dígame, por favor, con cuál está Ud. más de acuerdo.

	Recuerdo de voto en las elecciones autonómicas de Galicia de 2012 [recodificada]												
	TOTAL	PP	PSdeG	AGE (EU-ANOVA)	BNG	Otros	En blanco	Voto nulo	No tenía edad	No votó	No tenía derecho a voto	No recuerda	N.C.
Un Estado con un único Gobierno central sin autonomías	12,3	17,6	11,4	2,3	3,4	10,6	9,9	18,4	2,8	18,7	9,5	10,0	13,8
Un Estado en el que las comunidades autónomas tengan menor autonomía que en la actualidad	12,4	17,1	12,0	5,2	5,0	22,2	20,9	13,6	6,1	13,3	9,3	10,8	7,3
Un Estado con comunidades autónomas como en la actualidad	35,4	43,6	38,0	14,4	16,1	24,4	40,1	41,9	33,0	35,2	22,4	39,4	33,6
Un Estado en el que las comunidades autónomas tengan mayor autonomía que en la actualidad	23,8	11,9	28,8	31,1	42,6	31,5	21,2	20,6	40,5	18,9	26,4	24,7	21,7
Un Estado en el que se reconociese a las comunidades autónomas la posibilidad de convertirse en Estados independientes	9,3	2,1	5,6	44,5	30,0	11,3	0,9	2,8	17,5	6,8	27,7	4,8	4,8
N.S.	4,8	6,0	3,3	1,2	3,0	-	6,9	2,7	-	5,5	-	6,8	9,6
N.C.	1,9	1,7	0,9	1,2	-	-	-	-	-	1,6	4,7	3,5	9,3
(N)	(3.454)	(988)	(708)	(164)	(328)	(93)	(69)	(24)	(130)	(311)	(14)	(387)	(239)

SENTEMENTO/IDENTIDADE

9

Pregunta 23

¿Con cuál de las siguientes frases se identifica Ud. en mayor medida?

	Recuerdo de voto en las elecciones autonómicas de Galicia de 2012 [recodificada]												
	TOTAL	PP	PSdeG	AGE (EU-ANOVA)	BNG	Otros	En blanco	Voto nulo	No tenía edad	No votó	No tenía derecho a voto	No recuerda	N.C.
Se siente únicamente español/a	5,6	6,9	6,9	1,9	0,7	6,4	-	-	1,0	9,2	28,0	4,7	5,3
Se siente más español/a que gallego/a	4,0	6,4	4,4	2,6	0,7	3,8	-	-	2,0	4,1	-	3,2	3,3
Se siente tan español/a como gallego/a	68,2	77,0	72,5	46,8	42,7	66,1	80,2	82,0	60,3	65,3	55,1	69,5	70,8
Se siente más gallego/a que español/a	16,3	7,4	12,6	33,0	41,8	17,8	15,3	18,0	33,4	14,1	8,4	16,1	11,3
Se siente únicamente gallego/a	4,6	2,0	2,6	14,5	12,9	3,8	1,9	-	3,4	4,0	8,4	5,0	4,8
N.S.	0,6	0,1	0,4	-	1,2	-	1,7	-	-	1,2	-	0,7	1,8
N.C.	0,8	0,2	0,7	1,2	-	2,1	0,9	-	-	2,1	-	0,8	2,6
(N)	(3.454)	(988)	(708)	(164)	(328)	(93)	(69)	(24)	(130)	(311)	(14)	(387)	(239)

SENTEMENTO/IDENTIDADE

10

	1976	1977	1978	1979	1980	1982	Diferencia 1982-1976
<i>Cataluña:</i>							
Centralismo	33	23	19	22	19	19	- 14
Autonomía	53	52	44	41	54	54	1
Federalismo	8	17	25	16	10	16	8
Independencia	2	5	11	15	3	7	5
NS/NC	2	2	2	7	14	4	
(n)	(1.147)	(1.688)	(928)	(892)	(4.130)	(884)	
<i>Galicia:</i>							
Centralismo	34	35	34	44	24	28	- 6
Autonomía	49	41	49	40	26	53	4
Federalismo	10	7	10	7	8	7	- 3
Independencia	6	3	3	3	6	3	- 3
NS/NC	1	14	4	6	36	10	
(n)	(474)	(926)	(442)	(444)	(1.964)	(441)	
<i>Andalucía:</i>							
Centralismo	58	55	35	30	25	15	- 43
Autonomía	34	37	41	46	38	41	7
Federalismo	4	3	15	8	10	13	9
Independencia	1	1	2	2	3	5	4
NS/NC	2	4	7	14	24	26	
(n)	(1.047)	(1.028)	(1.007)	(283)	(4.088)	(879)	

OPINIONES SOBRE LA ORGANIZACION TERRITORIAL DEL ESTADO,
SEGUN LOS HABITANTES DE ALGUNAS COMUNIDADES AUTONOMAS
(1988)

(En porcentajes)

	TOTAL	Pafs Vasco	Cata- luña	Galicia	Anda- lucía	Madrid
Un Estado con un único Gobierno central, sin autonomías	19	11	14	23	17	24
Un Estado con regiones y nacionalidades como en la actualidad.	34	19	40	32	35	31
Un Estado con regiones y nacionalidades con mayor autonomía que en la actualidad	21	26	24	19	20	24
Un Estado en que se reconociera a las nacionalidades la posibilidad de convertirse en Estados independientes	6	20	11	1	2	8
No sabe/no contesta	20	24	11	26	26	13
(n)	(2.488)	(70)	(377)	(185)	(442)	(301)

CUADRO 6
 LA IDENTIDAD NACIONAL SUBJETIVA EN EL PAIS VASCO,
 CATALUÑA, GALICIA Y ANDALUCÍA (1982) (*)
 (En porcentajes)

IDENTIDAD NACIONAL	P. Vasco	Cataluña	Galicia	Andalucía
Español	9	23	16	18
Más español que vasco/catalán/gallego/ andaluz	5	9	6	6
Tanto vasco/catalán/gallego/andaluz como español	25	41	55	47
Más vasco/catalán/gallego/andaluz que es- pañol	17	18	11	11
Vasco/catalán/gallego/andaluz	44	9	12	17
(n)	(916)	(1.176)	(476)	(3.463)

(*) Se ha excluido la no respuesta de la base de los porcentajes.
 FUENTES: Para el País Vasco, Cataluña y Galicia, Shabad (1986: 541, 566 y 579); para Andalucía,
 DATA, S. A. (1982: 20).

	1996	2002
Región	73,9	74,6
Nación	16,4	17,0
	499	606

Conclusiones do Proceso Adiante

	Pre_gal 1997	Pre gal 2001	Xan_marzo 2010	Ag_set 2016	BNG
Unicamente español	7,0	4,4	3,2	5,6	0,7
Máis español que galego	5,9	4,7	3,3	4,0	0,7
Tan español como galego	53,2	59,4	68,7	68,2	42,7
Máis galego que español	23,5	23,0	22,1	16,3	41,8
Unicamente galego	9,7	6,9	2,0	4,6	12,9
NS	0,7	0,8	0,2	0,6	1,2
NC		0,8	0,5	0,8	
				3454	328

SENTEMENTO/IDENTIDADE

15

Pregunta 26

En relación con el sentimiento nacionalista, ¿podría decirme, por favor, dónde se colocaría Ud. en una escala de 1 al 10, en la cual el 1 significa el 'mínimo grado de nacionalismo gallego' y el 10 el 'máximo grado de nacionalismo gallego'?

	Recuerdo de voto en las elecciones autonómicas de Galicia de 2012 [recodificada]												
	TOTAL	PP	PSdeG	AGE (EU-ANOVA)	BNG	Otros	En blanco	Voto nulo	No tenía edad	No votó	No tenía derecho a voto	No recuerda	N.C.
1 Mínimo nacionalismo	23,2	35,6	23,2	14,8	5,3	23,6	16,4	10,4	11,0	27,2	17,9	15,1	19,7
2	4,5	5,6	5,2	2,6	1,3	6,0	7,4	-	3,4	4,5	-	5,4	2,9
3	6,2	5,6	7,4	8,7	3,7	6,7	10,6	18,0	6,7	7,0	13,9	6,1	2,9
4	4,5	4,2	5,9	7,2	1,8	3,3	3,7	5,4	3,4	4,4	-	6,3	1,3
5	24,5	17,4	31,4	13,9	18,0	23,8	33,3	42,3	30,1	26,1	23,2	30,5	31,2
6	7,8	6,2	7,7	6,5	8,2	9,6	9,0	15,7	14,9	7,8	-	8,5	7,8
7	7,8	4,4	6,8	16,6	18,1	9,3	6,3	2,8	14,8	5,9	13,1	7,9	3,6
8	6,9	4,1	3,8	20,9	19,7	8,3	2,6	-	9,8	4,3	17,9	5,0	5,8
9	2,1	0,9	1,7	3,4	6,4	4,8	2,6	-	2,3	0,6	-	2,5	1,6
10 Máximo nacionalismo	7,4	9,2	3,7	4,3	16,6	4,6	2,8	-	3,7	7,7	4,8	6,0	7,6
N.S.	3,5	5,7	2,2	-	0,6	-	5,2	5,4	-	2,4	9,2	3,8	8,5
N.C.	1,6	1,2	0,9	1,2	0,4	-	-	-	-	2,0	-	2,9	7,1
(N)	(3.454)	(988)	(708)	(164)	(328)	(93)	(69)	(24)	(130)	(311)	(14)	(387)	(239)
Media	4,64	3,95	4,27	5,47	6,80	4,66	4,38	4,35	5,31	4,29	5,04	4,83	4,79
Desviación típica	2,81	3,02	2,47	2,68	2,40	2,78	2,33	1,59	2,28	2,77	2,84	2,53	2,76
(N)	(3.277)	(921)	(686)	(162)	(325)	(93)	(65)	(22)	(130)	(297)	(12)	(361)	(202)

UBICACIÓN IDEOLÓGICA

16

Pregunta 25

Cuando se habla de política se utilizan normalmente las expresiones izquierda y derecha. En una escala del 1 al 10, en la que 1 significa izquierda y el 10 derecha, ¿en qué punto se situaría Ud.?

	Recuerdo de voto en las elecciones autonómicas de Galicia de 2012 [recodificada]												
	TOTAL	PP	PSdeG	AGE (EU-ANOVA)	BNG	Otros	En blanco	Voto nulo	No tenía edad	No votó	No tenía derecho a voto	No recuerda	N.C.
1 Izquierda	18,5	1,2	34,6	45,6	40,2	34,8	8,9	20,8	19,0	10,0	22,4	13,2	9,1
2	4,7	0,4	6,0	16,4	11,0	4,0	4,3	-	14,9	3,1	14,0	2,4	3,0
3	9,5	0,8	14,4	20,8	18,1	9,8	4,5	16,2	24,0	7,9	22,4	11,0	3,6
4	8,3	2,0	16,5	9,5	11,1	7,3	11,7	7,6	9,4	5,6	-	9,3	7,3
5	22,1	19,4	15,2	3,1	10,2	26,8	47,1	36,9	19,9	37,0	4,7	34,4	35,5
6	6,1	10,3	3,6	1,2	1,7	4,7	10,6	-	3,4	9,3	-	4,9	5,6
7	6,2	13,0	1,7	2,3	3,2	5,3	4,6	-	1,9	3,6	18,7	6,0	4,6
8	6,6	15,0	2,7	0,8	1,8	3,3	1,8	7,7	2,4	5,0	17,9	4,1	4,4
9	1,5	3,8	0,9	-	0,7	-	-	-	1,0	-	-	1,1	0,3
10 Derecha	10,8	29,8	1,8	0,4	0,9	1,4	2,6	-	2,9	7,3	-	4,8	6,5
N.S.	3,3	3,3	1,3	-	0,7	2,1	3,7	5,4	1,5	6,0	-	6,2	8,3
N.C.	2,2	1,0	1,2	-	0,4	0,7	-	5,4	-	5,4	-	2,5	11,8
(N)	(3.454)	(988)	(708)	(164)	(328)	(93)	(69)	(24)	(130)	(311)	(14)	(387)	(239)
Media	4,82	7,47	3,21	2,27	2,78	3,50	4,68	3,88	3,52	4,97	4,14	4,63	5,02
Desviación típica	2,85	2,17	2,18	1,60	2,02	2,30	1,82	2,06	2,14	2,32	2,82	2,29	2,31
(N)	(3.263)	(946)	(690)	(164)	(324)	(91)	(66)	(21)	(128)	(275)	(14)	(353)	(191)

MESA 4

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E PROPOSTAS TÁCTICAS

1. O NACIONALISMO GALEGO COMO MOVEMENTO HISTÓRICO

O nacionalismo galego nace como consecuencia do proceso de toma de conciencia do pobo galego da súa condición de pobo diferenciado, organizándose en defensa dos seus dereitos até acadar a capacidade plena para decidir libremente sobre os seus asuntos e relacionarse cos outros pobos en termos de igualdade e cooperación.

Trátase dun movemento histórico que ten as súas raíces nos movementos pre ou protonacionalistas que xorden no século XIX (provincianismo e rexionalismo no eido político, e rexurdimento no eido cultural) até configurarse como tal movemento nacionalista hai 100 anos, co nacemento das Irmandades da Fala e a realización da Asemblea Nazonalista de Lugo (17 e 18 de novembro de 1918).

Ao longo da súa historia, o nacionalismo galego sempre vinculou a defensa dos dereitos nacionais de Galiza coa defensa das liberdades colectivas e individuais, dos intereses das clases populares e os ideais de progreso e xustiza social.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) é a expresión contemporánea, no ámbito político, deste movemento histórico, reclamándose continuador do legado das Irmandades da Fala, do Partido Galeguista e das organizacións nacionalistas que xurdiron nas décadas dos 60 e 70 do século pasado, constituíndose, coma elas, no instrumento político das clases populares galegas para a liberación nacional e social de Galiza.

2. O NACIONALISMO GALEGO NO CONTEXTO DA GLOBALIZACIÓN

O nacionalismo galego declárase internacionalista. Fronte aos tópicos e prexuízos que pretenden confrontar “nacionalismo” e “internacionalismo” a propia palabra “internacionalismo” nega esa contradición (“internacionalismo” significa “entre nacionalismos”, “entre nacións”). O internacionalismo avoga pola solidariedade e pola cooperación entre as distintas nacións para o beneficio mutuo o que supón o recoñecemento de todas as nacións como iguais, respectando os seus dereitos e identidades.

Os principios que orientan o internacionalismo son contrapostos aos da globalización, que responde á distribución e á reorganización do mundo na actual fase evolutiva do imperialismo, e que provoca unha acentuación das diferenzas entre os centros de acumulación e a periferia, o desmantelamento de dereitos sociais e laborais (xerando importantes bolsas de pobreza e exclusión social mesmo nos propios países centrais) e a consolidación de grandes poderes económicos globais á marxe do control democrático.

Conclusións do Proceso Adiante

Fronte ás teses que cuestionan a vixencia do nacionalismo nun mundo globalizado, precisamente neste contexto é imprescindible termos un poder político propio para non sermos condenados e condenadas á marxinação.

Por moito que o exercicio da soberanía no contexto da globalización sexa limitando, se un país é soberano é máis soberano, terá máis capacidade de interrelación no mundo sen estar condenado á subordinación e irrelevancia.

Por estas e outras razóns a tendencia é a que cada vez haxa máis nacións soberanas. Cando se fundaron as Nacións Unidas en 1945 integrábase 45 nacións, agora son 193. En Europa nos últimos vinte e cinco anos xurdiron dezasete novos Estados independentes.

O nacionalismo galego está a favor dun mundo interdependente e interrelacionado, construído con base na cooperación de pobos libres e iguais, e avoga pola superación dun mundo onde as relacións se establezan en termos de dependencia e dominación.

No ámbito europeo, o nacionalismo galego avoga por unha Europa dos Pobos, fronte ao modelo de construción europea representado pola Unión Europea, concibida como un espazo ao servizo da globalización e dos intereses do capitalismo financeiro e das multinacionais.

Por estas razóns, o nacionalismo galego é irmán dos movementos de emancipación nacional dos pobos sen Estado e dos movementos que defenden a igualdade e a xustiza social. O nacionalismo galego ten vontade de contribuír a conformar unha alternativa internacional tanto á globalización neoliberal como aos emerxentes populismos chauvinistas.

Hoxe, como onte, para as persoas que somos nacionalistas galegas Galiza é célula de universalidade. Aspiramos a unha Galiza soberana para sermos protagonistas do noso futuro e participarmos, como axentes activos, na comunidade internacional.

3. O NACIONALISMO GALEGO COMO MOVIMENTO SOCIO-POLÍTICO TRANSVERSAL

O nacionalismo, por definición, é un movemento transversal que procura conciliar diferentes intereses sociais e distintas posicións ideolóxicas en defensa dun proxecto nacional. O propio concepto de pobo (conxunto de persoas que integran unha nación) reflicte esa transversalidade. Velaí que as formulacións unitarias do nacionalismo, desde o nacemento da AN-PG en 1975, tivesen no pluralismo político e na vontade de articular unha alianza de clases dos seus piares.

Esta transversalidade é aínda máis importante no caso da Galiza. A febleza relativa do nacionalismo galego verbo do nacionalismo basco ou catalán fai que non sexa factíbel acadar a

Conclusións do Proceso Adiante

hoxemonía política a través dunha diversidade de forzas nacionalistas de distinta adscrición ideolóxica e de clase, que compiten electoralmente entre si.

O BNG, como forza con vocación de ser a organización unitaria do nacionalismo, debe facer da transversalidade un vector fundamental, construíndo o seu discurso e as súas propostas arredor dos mínimos comúns asumíbeis por todos os segmentos susceptíbeis de se adheriren ao noso proxecto nacional.

O nacionalismo galego, como movemento colectivo para a transformación global da Galiza, actúa de forma transversal nos distintos espazos sociais. Non se trata dun movemento circunscrito exclusivamente á política estrita, senón que actúa en todos os eidos de intervención social: sindicalismo, organizacións profesionais, movemento feminista, ecoloxismo, movemento en defensa da lingua, movemento cultural... O BNG ten, entre outras, a función de trasladar ao eido político as reivindicacións desta pluralidade de ámbitos e integrar as aspiracións dos distintos movementos sociais nunha alternativa política global.

A transversalidade, do punto de vista social, non significa negar as diferenzas de clase. As clases traballadoras constitúen a maioría social do país e deben ser o principal destinatario do proxecto político do BNG. Na defensa das clases traballadoras, debemos incluír no discurso e nas propostas a segmentos sociais con cada vez maior peso relativo, como o dos traballadores e das traballadoras pobres e con empregos precarios, as persoas que se ven forzadas a recorreren ao autoemprego (na Galiza o 25% dos/as autónomos/as sen empregados/as ao seu cargo son pobres e 45.700 autónomos/as gañan menos de 600 euros ao mes), as persoas paradas e as pensionistas.

Mais o BNG debe aspirar a integrar tamén a sectores sociais intermedios (profesionais e pequeno e mediano empresariado) susceptíbeis de se adheriren a un proxecto nacional. Obxectivamente un poder político propio, que defenda no concerto estatal, europeo ou mundial, sectores económicos estratéxicos na Galiza a que o Estado español atribúe un papel marxinal, interesa a distintos sectores profesionais e empresariais. Obxectivamente, ás empresas galegas interésalles unha política de contratación pública que prime a dinamización económica local en vez de favorecer as grandes empresas prestadoras de servizos con sede en Madrid. Obxectivamente, as chamadas políticas de austeridade e de devaluación salarial, que deprimen a demanda interna, atentan contra os intereses de múltiples microempresas e PEMES dependentes da capacidade de consumo do mercado interior e non das exportacións.

O modelo socio-económico que defende o BNG susténtase nos seguintes principios:

Conclusións do Proceso Adiante

- Modelo de desenvolvemento autocentrado, sustentábel do punto de vista medioambiental e socialmente cohesionado.
- Capacidade de planificación e regulación da actividade económica polos poderes públicos e presenza do sector público nos sectores económicos estratéxicos.
- Defensa e posta en valor da nosa lingua, cultura e todos os nosos sinais de identidade.
- Defensa dos servizos e prestacións públicas universais (ensino, sanidade, pensións, etc).
- Políticas fiscais progresivas e redistributivas.

4. INCARDINACIÓN DO DISCURSO SOCIAL E NACIONAL: QUE MODELO DE PAÍS QUEREMOS? ESTRATEXIA PARA CONSTRUÍRMOS NOVAS MAIORÍAS SOCIAIS

Na construción do noso discurso non podemos falar de “nacionalismo”, “esquerda”, “feminismo”, “ecoloxismo”... como unha xustaposición (“*colocar unha cousa xunto a outra sen interpoñer ningún nexo ou elemento de relación*”) de elementos que conforman o noso ideario. Tal xeito de construír o discurso dificulta a diferenciación da proposta política do BNG ao aparecer o “nacionalismo” simplemente como un adxectivo ou máis un ingrediente e, por tanto, algo secundarizábel ou prescindíbel nun contexto en que se afirma desde distintos ámbitos que hai outras prioridades.

O nacionalismo debe ser o eixo vertebrador do discurso. Sermo s feministas, ecoloxistas, defenderme a igualdade e a xustiza social..., **son elementos que conforman a forma de ser do nacionalismo galego, vinculados ao proxecto de país que queremos construír.**

A cuestión social e a cuestión nacional, nun país dependente como a Galiza, están imbricadas. **Non somos nacionalistas só, nin principalmente, por unha cuestión identitaria.** Somos nacionalistas porque termos **un poder político propio e o control sobre os nosos recursos é unha ferramenta imprescindible para facer factíbel na Galiza outro modelo de desenvolvemento e o progreso e a xustiza social.**

- **A centralización do poder político está vinculada a un deseño económico e social contrario aos intereses das maiorías:** O uso da crise como pretexto para concentrar aínda máis a riqueza e o poder económico precisa da concentración do poder político para facer posíbel este deseño. Unha concentración que se afastou nos últimos anos aínda máis do pobo cara a organizacións supraestatais e non electas democraticamente.
- A defensa da soberanía é consubstancial á defensa da democracia e de políticas ao servizo das maiorías sociais. A **transferencia de soberanía a instancias que escapan do control democrático, facilitou o sometemento dos intereses e a vontade democrática dos pobos aos intereses das oligarquías.** Esta tendencia só se pode reverter “renacionalizando políticas”, recuperando e fortalecendo as ferramentas que tiñan os estados para orientar a economía e poder facer políticas de distribución da riqueza. Se

Conclusións do Proceso Adiante

isto é así como norma xeral, con máis razón na Galiza, onde carecemos tan sequera de soberanía formal e o país padece unha crise estrutural froito da súa dependencia.

- **Queremos soberanía fiscal para a Galiza para protexer e desenvolver os servizos públicos e as políticas sociais.** No Estado español a xestión dos servizos públicos e do gasto social está descentralizada mais os recursos fiscais xestiónaos o Estado, que utiliza a dependencia financeira das comunidades autónomas para impoñer recortes.
- Decidir por nós mesmos/as sobre o destino do noso aforro, os nosos recursos naturais e enerxéticos ou a organización da nosa economía é unha ferramenta imprescindible para xerar riqueza e emprego no noso país.
- En Europa, son os estados máis pequenos os que, na maioría dos casos, presentan mellores índices de benestar, pois o seu tamaño permítelles facer políticas de redistribución da riqueza máis eficaces e defender mellor os seus intereses nos foros internacionais, pois os grandes estados teñen máis intereses internos en conflito.

É fundamental articular un discurso **propositivo, inclusivo e en positivo**:

Unha forza política non consegue adhesións pola súa contundencia nas críticas e nas denuncias. Consegue adhesións xerando ilusión, defendendo un proxecto de país que sexa percibido como viábel e dote a sociedade dun horizonte de futuro.

O discurso debe contribuír a estimular a autoestima colectiva, pondo en valor as capacidades e potencialidades do país. Artellar solucións aos problemas a través dun proxecto político claro e con propostas concretas, contribúe a reforzar a confianza nas propias capacidades. Neste sentido, o discurso do BNG debe procurar seducir, verbalizando argumentos e non descualificacións, especialmente cando se dirixir ao electorado desencantado con outras forzas políticas.

O discurso debe transmitir unha identidade política propia do nacionalismo galego que non asuma a linguaxe e/ou a imaxe doutros senón que conceptualice e cree a súa propia a través de mensaxes sinxelas, pedagóxicas, concisas e o máis directas posíbeis.

5. CONSTRUCCIÓN/LIBERACIÓN NACIONAL: ACTUALIZACIÓN DO DISCURSO E DA ESTRATEXIA DE CONSTRUCCIÓN NACIONAL

A liberación e a construción nacional non son conceptos antagónicos. A Galiza é unha nación política, cultural e economicamente oprimida e, en consecuencia, aspiramos á liberación nacional. Mais esa opresión política, cultural e económica está provocando un proceso de desnacionalización que pón en perigo a propia pervivencia do pobo galego como pobo diferenciado. As nacións son realidades histórico-sociais dinámicas, poden emerxer ou desaparecer ao longo da historia. Un papel fundamental do BNG é reverter ese proceso de desnacionalización, construír nación.

Conclusións do Proceso Adiante

Constrúese país fortalecendo os marcos de referencia propios: pondo en valor a lingua galega; fomentando a auto-organización do pobo galego a todos os niveis; impulsando a creación e produción cultural; consolidando un espazo comunicativo galego; valorizando as nosas institucións; ensanchando o autogoberno...

No fortalecemento dos marcos de referencia é fundamental, como se estableceu nas teses da XV Asemblea, crear un imaxinario propio con valores positivos, creativos e modernos. Ao tempo debemos artellar o noso programa político arredor de cuestións chave para a Galiza que poñan en evidencia as contradicións coa política do Estado (p.ex. AP-9, enerxía, etc).

Velaí que o BNG deba de transcender do marco dunha organización política convencional para ser a expresión política dun **movemento socio-político de defensa do país**.

5.1. MÍNIMOS COMÚNS PARA ARTICULAR A UNIDADE DO NACIONALISMO

A construción da unidade do nacionalismo debe ser entendida como un proceso que só poderá culminarse se forzas políticas que se reclaman nacionalistas respectaren o principio de auto-organización.

En calquera caso, o BNG ten vontade de impulsar distintos chanzos que permitan avanzar neste proceso:

- Apertura plena a novas incorporacións colectivas e individuais.
- Disposición a chegar a acordos electorais con forzas e colectivos de ámbito galego, baixo a premisa do respecto do principio de auto-organización.
- Disposición a crear foros de diálogo e cooperación con outras forzas políticas galegas para partillar análises e explorar ámbitos de cooperación.
- Disposición a contribuír a impulsar unha Plataforma Cívico-Social (aberta a organizacións sociais e colectivos cidadáns) para articular iniciativas de defensa do país.
- Reforzar a Rede de Concellos Nacionalistas como entidade de coordinación municipal en chave galega.

Como manifestamos no punto 3, **“o BNG, como forza con vocación de ser a organización unitaria do nacionalismo, debe facer da transversalidade un vector fundamental, construíndo o seu discurso e as súas propostas arredor dos mínimos comúns asumíbeis por todos os segmentos susceptíbeis de se adheriren ao noso proxecto nacional”**.

Conclusións do Proceso Adiante

Nas teses da XV Asemblea Nacional aprobamos “impulsar un proceso dirixido a todas as **persoas e colectivos organizados que se sintan nacionalistas, soberanistas, independentistas, galeguistas ou simplemente galegas e galegos que compartan a necesidade dun instrumento político netamente galego que actúe na defensa de Galiza como nación**, cara á conformación dunha ampla candidatura de orientación nacionalista nas vindeiras eleccións autonómicas”. **Ese debe ser o universo a que tamén se dirixa o BNG para ensanchar a organización e avanzar na unidade do nacionalismo.**

A construción dun discurso arredor dos mínimos comúns asumíbeis por todo este universo esixe introducir algunhas modulacións no discurso do BNG.

Toda forza política nacionalista aspira a acadar a soberanía nacional, mais **a soberanía nacional é a culminación dun proceso, non a estación de partida.** Cun apoio electoral ao nacionalismo do 8,36% a chave é como se consegue modificar a correlación de forzas, conseguir adhesións ao proxecto nacional, para que algún día a soberanía nacional sexa posíbel.

Na modulación do noso discurso debemos partir da constatación da existencia dunha conciencia nacional moi feble e aprender tamén doutras experiencias. En países cunha conciencia nacional moito máis arraigada como Catalunya, o proceso soberanista iniciouse e conseguiu unha ampla adhesión social tras esgotar outras vías e constatar a sociedade catalá a falta de vontade do Estado español de dar cauce ás súas lexítimas aspiracións.

Esta modulación esixe comunicar dun xeito máis pedagóxico, indo do concreto ao máis abstracto, cunha mellor exemplificación concreta e práctica, que permita romper con moitos prexuízos instalados na sociedade galega. Mais esixe tamén introducir un maior gradualismo nas propostas, diferenciando propostas a curto e medio prazo de obxectivos (dada a correlación de forzas) a longo prazo.

5.2. PROPOSTAS PARA UN NOVO STATUS POLÍTICO PARA A GALIZA

Diante da hipótese dun proceso de reforma constitucional ou de debate sobre a articulación do Estado español, mesmo que non acreditemos en avances significativos por esa vía, o BNG debe ter unha posición activa como voz da defensa dos dereitos nacionais da Galiza. A posición mínima a defender polo nacionalismo galego pasa por esixir o recoñecemento da realidade plurinacional do Estado -por tanto, a condición da Galiza como nación- así como o recoñecemento do dereito de autodeterminación para todas as nacións que o conforman.

En todo o caso, mesmo se esa hipótese non se verificar, o BNG debe avanzar na Galiza con propostas que poñan en cuestión o limitado marco autonómico e sinalen vías para o superar

Conclusións do Proceso Adiante

definitivamente, camiñando para un status novo que garanta a capacidade real da nosa nación para decidir. Apuntamos algunhas:

- Desenvolvemento pleno do ámbito competencial, xestión de novas competencias e blindaxe das xa asumidas.
- Entre outras, a Galiza debe asumir competencias plenas en materia de seguranza pública e viaria, infraestruturas de transporte de interese xeral (portos, aeroportos, control do tráfico aéreo e estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego), costas, salvamento marítimo e bacías hidrográficas.
- Un novo sistema de financiamento para a Galiza baseado na plena capacidade normativa e de xestión sobre todos os tributos soportados por cidadáns e cidadás e polas empresas que operan na Galiza: O Concerto Económico.
- Asunción plena de competencias en materia de réxime local: supresión das deputacións, desenvolvementos das comarcas, financiamento local.
- Presenza directa da Galiza na Unión Europea en todos os asuntos que afectaren o seu ámbito competencial. A Galiza terá capacidade de veto en todos os asuntos que afectaren o seu ámbito de competencias ou os seus intereses nacionais.
- Unha Banca Pública Galega, soporte para o desenvolvemento da Galiza.
- Supresión da administración periférica do Estado na Galiza, actuando a administración galega como administración única.
- Poder Xudicial propio que será a última instancia xudicial.
- Reformulación do Tribunal Constitucional.

5.3. A CONCRECIÓN DO EXERCICIO DA SOBERANÍA

O exercicio da soberanía nacional ten, fundamentalmente, dúas fórmulas de concreción posibles: a creación dun Estado galego independente ou a libre asociación da Galiza a un marco confederal. En todo o caso, a premisa de partida será sempre que a Galiza poida decidir de maneira absolutamente libre e soberana a solución que o pobo galego entenda. En calquera das dúas opcións, a forma xurídico-política que deberá adoptar a nación soberana é a de República da Galiza.

A integración nunha confederación, se se producir, implica o recoñecemento previo do pobo galego como titular de soberanía e a libre delegación por parte do pobo galego (en exercicio da súa soberanía) dunha serie de competencias nas institucións da confederación.

A opción confederal é, por tanto, froito dun pacto libre e entre iguais. A opción confederal supón que a representación do pobo galego ten dereito de veto sobre decisións que afectaren os seus

Conclusións do Proceso Adiante

intereses fundamentais e que o pobo galego (como titular de soberanía) pode retirar a delegación de competencias e exercer o dereito de secesión.

No Bloque Nacionalista Galego teñen cabida ambas as opcións e a viabilidade dunha ou outra, como é evidente, non vai depender só da vontade do pobo galego senón tamén das outras partes.

Con todo, por pedagogía, o nacionalismo galego debe de manifestar a súa disposición a chegar a acordos cos outros pobos e a visibilizar perante a sociedade galega a incapacidade do Estado español de asumir a realidade plurinacional.

MESA 5

CONSTRUCCIÓN DO DISCURSO (COMO E QUE COMUNICAR) E INTERVENCIÓN SOCIAL

INTRODUCCIÓN

Comunicación e batalla das ideas

A comunicación política, para nós, ten a ver directamente coa batalla das ideas, isto é, coa loita por facer avanzar socialmente, no campo ideolóxico e non só no electoral, as posicións políticas propias. Hoxe sabemos que para poder mudar a correlación de forzas non chega con vencer no campo electoral: é preciso vencer e convencer no ámbito ideolóxico e facer que as nosas ideas, a nosa explicación da realidade social, impregne hexemonicamente a sociedade e gañe para si o espazo do normal e do desexábel.

A comunicación política parte, pois, de asumir a política como un espazo dinámico e en permanente loita polo sentido que lle damos ao que acontece, como unha disputa pola fabricación do *sentido común* -hexemonía cultural, ideolóxica- da época no seu conxunto e de cada un dos fenómenos sociais que vivimos en particular. Evidentemente isto fai que teña moito a ver coa xeración de discurso, de relato, e co uso consciente das propias palabras.

A política é, desde este punto de vista, tamén unha loita polo significado das palabras e por sermos capaces de lles dar un significado ou outro, e de as facer politicamente operativas nun ou noutro sentido. Cada discurso organiza e explica os fenómenos sociais dunha determinada maneira e constrúe unha identificación política propia: dinos quen somos nós e quen son os/as demais, que cuestións nos importan, con que valores nos identificamos, que elementos fan que nos mobilicemos.

Con base no anterior, o BNG fai a súa análise e interpretación da realidade (diagnose) e elabora, a partir dela, unha proposta concreta de explicación social (discurso) e de intervención política e social para a mellora das condicións materiais e de vida de galegas e galegos (estratexia). A comunicación política propón a estratexia máis acaída para presentar esas propostas de forma que sexan comprensíbeis pola maioría social e teñan a maior incidencia, partindo de que o discurso é, en si mesmo acción política: crea realidade en tanto produce sentido e ten capacidade para posicionar á sociedade.

A dimensión global da comunicación política

No actual mundo globalizado as ferramentas e canles de comunicación multiplícanse, mais tamén se multiplica a dispersión da mensaxe e as posibilidades de confusión interesada no seu traslado. A percepción, a idea que as persoas constrúen na súa mente a partir da comunicación que reciben, é a base da comunicación. O importante radica no que as persoas din e cren (percepción percibida) e non no que nós comunicamos (percepción proxectada). É nas percepcións que somos quen crear nos demais como logramos construír realidade. E para facelo debemos ter en conta que todo comunica. O que dicimos, o que facemos, quen o di, en que momento, de que maneira... Comunícase co que se di e co que se fai, mais tamén co que non se di ou non se fai. A

Conclusións do Proceso Adiante

comunicación non é só traballo das palabras, neste sentido, senón tamén de imaxes, de símbolos, do imaxinario que vinculamos a nós.

ANÁLISE E DIAGNOSE PREVIA

O deseño de calquera estratexia de comunicación realista e eficaz debe partir do coñecemento e da análise do punto de partida real que temos, e moi especialmente daquel conxunto de percepcións sociais que operan sobre nós neste momento. E isto é así porque socialmente non somos o que dicimos que somos, senón a forma en que se nos ve e, por tanto, precisamos coñecer cal é esta para poder actuar sobre ela -e desde ela- coas nosas iniciativas e co noso discurso.

Como percibe hoxe o nacionalismo, e o BNG, a sociedade galega? Cal é a imaxe existente sobre nós? Que transmitimos na actual situación social e política? Que fortalezas e que debilidades ten a marca BNG? Que imaxes e construcións -tópicos, prexuízos, valores positivos e negativos- están asentadas sobre nós e inflúen nos/as nosos/as votantes, naquelas persoas que o foron e xa non o son, naquelas que o poderían ser? Que podemos facer para mudar a súa percepción nun sentido favorábel? Que hai de verdade ou cales son as causas da identificación do BNG, en moitos lugares, con posicións e actitudes "ríxidas, paternalistas, antipáticas"? A quen debemos dirixir os nosos esforzos e de que maneira para mudar a forma en que se nos ve?

Asumindo que carecemos dos medios e do tempo necesario para abordar esta cuestión de forma integral -a través de estudos sociolóxicos, enquisas postelectorais, etc- non deberamos renunciar por iso a, cando menos, realizar a nosa propia diagnose de situación, centrada neses aspectos.

Desde logo, non parece arriscado expresar a hipótese de que, despois dunha serie de anos con sucesivos procesos electorais á baixa, con visibilización pública case continuada de discrepancias, conflitos internos e marcha de militantes e con mudanzas periódicas dos referentes nacionais, a marca BNG sufría, até as pasadas eleccións galegas, un moi notábel desgaste social.

Con toda a prudencia, e asumindo que a nosa marca tamén ten asociados valores positivos (lealdade ao país, traballo, seriedade, mobilización social) entendemos que pode afirmarse que, en liñas xerais, nos últimos anos foi instalándose unha imaxe social negativa do BNG que só se comezou a reverter -xulgamos que moi notabelmente- no pasado proceso electoral.

As eleccións galegas de 2016 marcan neste sentido un punto de inflexión, un antes e un despois, e abren unha xanela de oportunidade para construír a imaxe positiva e con futuro do novo BNG. A sensación dun BNG aberto, inclusivo, solvente, rigoroso e beneficioso para unha grande maioría transversal da nosa sociedade, con novos referentes públicos, axudou a conseguir un bo resultado electoral e permite afondar a partir del na construción do novo proxecto do nacionalismo.

Para logralo debemos ser conscientes da mudanza dos tempos e dinámicas políticas, da súa

Conclusións do Proceso Adiante

inmediatez e da constante necesidade de impactos comunicativos. Desde que a espectacularización da política colonizou todo tipo de espazos mediáticos, non resulta esaxerado afirmar que vivimos nunha sorte de *campaña permanente*. Todo o que facemos día a día importa, todo comunica. O voto, a simpatía, a instalación dunha percepción positiva ou negativa sobre nós vaise definindo con cada impacto comunicativo.

O CONTEXTO SOCIAL E POLÍTICO APÓS AS ELECCIÓNS GALEGAS

O contexto político aberto na Galiza despois das eleccións de outubro presenta interesantes oportunidades para o BNG. Dun lado a febleza estrutural e as contradicións internas da Marea, doutro o conflito interno aberto no PSdG, van permitir afianzar a polarización vivida na campaña electoral entre PP e BNG. As primeiras semanas de política parlamentar parecen confirmar esta tendencia, cun BNG capaz de levar a iniciativa política e cunha dialéctica protagonizada polo confronto de proxectos entre Feijóo vs Ana Pontón.

Neste sentido é moi relevante indicar como o BNG está a apostar de forma intelixente por unha estratexia de colocar no debate político *temas de país*, isto é, temas en que o BNG expón a súa posición particular e propón acordos unánimes da cámara galega para defender os intereses da nosa sociedade. Esa estratexia xera unha clara incomodidade no resto de forzas políticas porque, para alén de poñer en evidencia as limitacións do actual marco político e administrativo e a propia imposibilidade de Feijóo para as superar, fai que o BNG gañe a iniciativa política, reforza a súa percepción como forza solvente e con proxecto propio e impide a súa caricaturización ideoloxista ou maximalista.

De xeito esquemático, sinalamos as seguintes características do contexto:

- Dous anos por diante sen –en principio– procesos electorais.
- Recuperación económica sen consolidar e que non chega aos fogares, novos paquetes de recortes da UE, desigualdades sociais, incerteza e precariedade vital, sociedades líquidas, ausencia de oportunidades, malestar profundo co *statu quo*, necesidade de alternativas.
- Incapacidade do goberno Feijóo para resolver cuestións centrais na sociedade galega (emprego, emigración xuvenil, infraestruturas, financiamento...).
- Panorama mediático galego moi dependente do PP/Xunta.
- BNG reforzado e unido após eleccións galegas. Oportunidade para abrir nova etapa ao redor da figura emerxente de Ana Pontón.
- Febleza da Marea pola falta de unidade interna.
- Conflito interno do PSdG e falta de referencialidade social.
- Escenario con posibilidades reais para o BNG tomar a iniciativa e reforzar o esquema PP vs BNG da pasada campaña electoral.

O CONTEXTO COMUNICATIVO E MEDIÁTICO NA GALIZA

Xustamente unha das necesidades que máis consenso espertan nos debates da Mesa 5 do Proceso Adiante é a de recuperarmos socialmente a vivencia da Galiza como referencia política e psico-social, como marco primeiro de visión e análise da realidade.

Non é allea ao retroceso vivido nos últimos anos a dinámica política fortemente estatalizada e o novo “panorama a catro” do sistema político español, con dúas forzas representantes do vello bipartidismo e outras dúas sinaladas e impulsadas mediaticamente como o seu “recambio”. Baixo a aparencia de existir unha histórica posibilidade de escolla, pluralidade e alternativa política, o rexime foi capaz de delimitar perfectamente o campo de xogo, invisibilizando na práctica calquera outra opción disidente ou transformadora, como é o caso das forzas soberanistas en Galiza, Euskal Herria ou Cataluña.

Neste sentido resultou tremendamente relevante o papel xogado por determinadas cadenas e espazos mediáticos do percibido como campo “progresista”, que funcionaron como perfectos prescritesores da política “nova” ou alternativa, coa posterior extensión e difusión masiva dos seus contidos a través das redes sociais. Sería inocente non recoñecer o impacto que esta estratexia tivo na perda de referencialidade da Galiza como marco para amplas capas da nosa sociedade, e moi nomeadamente para aquelas máis novas e máis relacionadas co consumo mediático e dixital.

Ao seu carón, a dependencia dos medios –a consecuencia da crise de modelo que se vive pola caída dos ingresos publicitarios e o incremento do consumo dixital- con respecto ao ámbito público resulta máis forte que nunca na Galiza. O PP conta nas súas mans coa capacidade de determinar de arriba a abaixo a liña informativa dos principais medios de comunicación públicos e privados do noso país.

Nunha situación así, resulta fundamental aproveitarmos con intelixencia cada oportunidade que dispoñamos para transmitir as posicións do BNG á sociedade galega, sabendo que a suma deses impactos contribúe a asentar unha determinada percepción sobre nós.

As principais cabeceiras que se publican en Galiza e as emisoras de radio con máis difusión teñen unha enorme incidencia na creación de opinión pública. Máis alá desa dependencia económica que permite ao PP condicionar a liña informativa, os propios medios teñen unha clara liña editorial centralista e antigalega que tivo graves consecuencias na última década.

A Galiza non é suxeito informativo, como non o son tampouco os problemas que afectan a galegas e galegos que se insiren na problemática española como un todo. A nosa lingua, agás os 17 de maio, está ausente e mesmo se traducen as intervencións, entrevistas ou respostas emitidas en galego. Os referentes son españois e a construción da realidade, do imaxinario colectivo, muda.

Conclusións do Proceso Adiante

Son, xa que logo, activos cómplices da perda de identidade, da cada vez máis vertixinosa perda de falantes e da aceleración dun proceso de colonización que en dez anos foi máis rápido que nos cincocentos anteriores.

Isto ten graves consecuencias para o nacionalismo e para o propio país. Para o nacionalismo porque se minimizan –cando se publican ou emiten, porque nos máis dos casos directamente non parecen- as nosas opinións, as nosas propostas e a nosa lectura da realidade. Para a Galiza, porque se dilúe a súa existencia de seu.

Diante deste panorama, alén de definirmos unha estratexia para aproveitar os ocos aos que teñamos acceso nestes medios, temos a imperiosa necesidade de buscar alternativas para chegar coa nosa mensaxe ao pobo a que nos queremos dirixir.

- **Redes sociais:** Aínda que valoramos que as redes sociais alimentan a estandarización, homoxeneización cultural e xogan un papel españolizador, tamén consideramos que abren unha xanela á comunicación desde a Galiza e para a Galiza, mais tamén para o mundo, e en galego.

Porén, deben ser correctamente utilizadas. Neste sentido entendemos que son imprescindíbeis xornadas de formación da militancia no seu uso. Cómpre evitarmos empregalas unicamente para rebotar chíos ou entradas de facebook orgánicas (do BNG), para descualificar o contrario con insultos ou exabruptos ou para reproducírmonos até provocar, en lugar de difusión, saturación e mesmo rexeitamento. A nosa proposta pasa por humanizar o seu uso e adaptar á nosa propia linguaxe calquera rechío de información orgánica.

- **Medios locais:** Valoramos que sería moi importante reforzar a nosa comunicación cos pequenos medios locais para aproveitar tamén estas canles. Referímonos ás radios e televisións municipais; xornais comarcais e gratuítos, que adoitan estar moi necesitados de información. Para estes casos tamén hai que deseñar unha estratexia de comunicación específica que permita superar o puro localismo e que vincule o local co comarcal e nacional.
- **Medios propios:** Entendemos que sería necesario mudar a concepción dos boletíns do BNG como simples recompilatorios de información institucional (mocións), ou de denuncia dos estados das pistas e puntos de luz. Todos deberían incluír artigos de análise política sobre cuestións de relevancia nacional e valorar a posibilidade ou pertinencia de favorecer a publicación de boletíns nacionalistas, talvez a través de asociacións ou similares.
- **Círculos concéntricos:** Os medios de comunicación saben que o primeiro interese dun/unha lector/a, ouvinte ou espectador/a articula os seus intereses en círculos concéntricos, por iso tamén hai que artellar un modelo comunicativo que vaia do máis próximo ao común, isto é

Conclusións do Proceso Adiante

falar dos intereses e/ou problemas concretos particulares (individuo)/locais (municipais) aos xerais. Cada paso que se dea nese sentido favorecerá a recuperación, aínda que paseniño, do sentimento de pertenza a un pobo, cunha cultura e unha lingua diferenciada.

A este respecto valoramos que é moi importante articular un formato comunicativo de carácter comarcal.

- **Papel da militancia:** Unha militancia informada e formada é a nosa mellor carta de presentación para difundir e defender a nosa alternativa política para o país. Por iso, ademais de garantir que teña información, é importante que se dea debate político nas asembleas, porque é no debate e na confrontación de ideas onde mellor nos preparamos a todos os niveis.
- **Medios en galego:** A este respecto consideramos que hai que avanzar no uso de programas que permitan o uso do galego (open office), traballar coas novas formas de comunicación e achegarse á xente que crea contidos en galego (novas tecnoloxías).

1. OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN

- **Consolidar a idea do *tempo novo* no BNG**, caracterizado pola cohesión, a inclusividade e a positividade nas formas e nos contidos. O mellor BNG está de volta.
- **Gañar a iniciativa política** e consolidar a idea de que en Galiza só hai dous proxectos políticos definidos (PP e BNG), con base na polarización Feijóo - Ana Pontón. A alternativa ao proxecto do PP encabézaa o BNG coas súas propostas.
- **Reforzar a figura de Ana Pontón** como referencia política principal da oposición a Feijóo, cun perfil “presidenciábel” e construtivo. Promover o asentamento de novas persoas referentes públicas do BNG através dos medios e do traballo político e parlamentar.
- **Asentar unha nova percepción social sobre o BNG.** Queremos pasar da percepción social utilitaria do BNG (útil para a protesta, a mobilización e a denuncia de problemáticas) a unha idea de BNG que, ademais, constrúe (útil para gobernar e transformar a mellor a realidade coas súas propostas).
- **Actualizar o imaxinario** do nacionalismo a través da actualización do noso discurso, vinculándoo a unas referencias, un estilo e unhas formas de comunicación inclusivas, modernas e capaces de conectar con amplos sectores do noso pobo.

2. EIXOS DA ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN

2.1. CONTEXTUALIZAR A NOSA ACCIÓN NO MARCO NACIONAL GALEGO

O proxecto político que representa o BNG non pode moverse únicamente no plano esquerda-dereita. O discurso do BNG ten que incluír sempre a explicación de que na Galiza a política de recortes e o desmantelamento produtivo que padecemos non se solventa coa derrota da dereita. A nós non nos vale o marco “sumemos contra o PP”, porque é un marco tramposo que non resolve os problemas da Galiza ao non ir á raíz da súa causa: a dependencia, a subordinación. O noso marco, por tanto, é outro: “sumemos, desde nós, para garantirmos unha Galiza diferente, xusta, con futuro”.

O proxecto nacionalista asenta na necesidade de nos facer valer como pobo, de gañar capacidade real para podermos tomar decisións en favor do noso desenvolvemento e poñer así en marcha un proxecto de país ambicioso, baseado no aproveitamento de todo o noso potencial para crear riqueza, emprego e benestar. O BNG non confronta unicamente ao PP: confronta ao *statu quo* e a quen o defende, e faino presentando unha alternativa clara: unha nova proposta de país, un novo horizonte para a Galiza.

As políticas do BNG son, nese sentido, políticas de país, transformadoras, solventes, políticas que están ao servizo da mellora das condicións de vida dos galegos e galegas. Séxase ou non nacionalista, as propostas do BNG constrúen unha Galiza mellor para todas e todos.

2.2. COMUNICAR DESDE AS DEMANDAS SOCIAIS

Calquera forza política debe centrarse en falar dos problemas, demandas e preocupacións da súa sociedade, e non de si mesma. No caso do BNG é fundamental dirixirmos o foco, sen vacilacións, cara ás dores, aos desexos, ás esperanzas e ás necesidades da sociedade galega, e explicar en positivo as nosas propostas para lles dar resposta. O discurso do BNG non debe centrarse nin sobre a unidade do nacionalismo nin sobre o futuro do BNG nin sobre as cuestións internas que houber en cada contexto. De igual maneira, sermos unha forza política nacionalista non pode levarnos a dirixir o noso discurso unicamente ás persoas nacionalistas.

O discurso do BNG debe estar centrado nas cuestións materiais, debe abordar de forma directa todos aqueles elementos que, nun contexto cheo de incertezas, precariedade e falta de oportunidades como o actual, permitan recuperar para a grande maioría a esperanza de contar con certa seguranza económica, de poder mirar o futuro con menos temor e de recuperar a confianza en que, a pesar da crise, a sociedade non nos vai deixar tirados/as ou excluídas/os.

O eixo de discurso debe **priorizar os asuntos materiais sobre os simbólicos**, e a resposta ás demandas concretas sobre os obxectivos ideolóxicos a longo prazo, que a maioría da sociedade percibe como abstraccións. A grande maioría sente que nos roubaron o presente. Padecemos a

Conclusións do Proceso Adiante

perda das certezas, das oportunidades, da confianza, da posibilidade de mellorar e desenvolver as nosas vidas. A submisión ás decisións alleas a nós, tomadas friamente desde despachos de Madrid e Bruxelas, e o triunfo da relixión do lucro privado por riba dos dereitos das persoas, fai que a batalla actual sexa por lograr recuperar o control sobre as nosas vidas. Queremos un país en que poder mirar o futuro con menos temor; queremos recuperar a confianza en que, a pesar da crise, a sociedade non nos vai deixar tiradas/os ou excluídos/as; queremos un país en que existan oportunidades para vivir e traballar, para progresar, para desenvolver as nosas vidas.

Non se trata, pois, nin de reforzarnos como BNG os contidos simbólicos no plano nacional nin de nos recolocar no eixo dereita-esquerda. O reto está en sermos capaces de sinalar con eficacia o vínculo entre o social e o nacional, entre as demandas concretas e a capacidade política plena para lles dar resposta, e ofrecer á nosa sociedade un novo proxecto de país.

2.3. OFRECER UNHA ALTERNATIVA CLARA E RECOÑECÍBEL PARA A MAIORÍA

O modelo actual é un modelo esgotado e fracasado, un modelo que nos condena a vivir con medo, con precariedade, que non nos ofrece oportunidades para desenvolvermos as nosas vidas, que nos expulsa do noso propio país, que castiga quen emprende e tenta saír adiante, que culpabiliza as persoas e xera exclusión social, que comercia cos dereitos básicos das persoas.

Hai unha minoría a quen lle vai ben e lle vale este modelo. Mais a grande maioría aspira a recuperar unha vida con certezas, con seguranza, con confianza, con dereitos, con oportunidades. Fronte ás persoas que queren que nada cambie estamos a grande maioría que necesitamos que se abra un tempo novo.

E ademais os fracasos e as incapacidades do goberno Feijóo en cada tema central para a sociedade galega van poñer en evidencia o esgotamento do modelo actual e a necesidade de superar este marco. Porque Galiza é un país rico e con enorme potencial para garantir emprego e benestar a partir dos seus recursos. Abonda xa de dar por bo un modelo que nos condena a unha vida precaria, cando podemos ter un país en marcha e con futuro.

O BNG ten que ser capaz de visibilizar unha alternativa clara, nacional e popular. Temos que ofrecer unha alternativa clara, real e recoñecíbel, **un horizonte novo e compartido para a grande maioría**, que se opoña con clareza ao *statu quo* desde a explicación eficaz e simple do que está pasando e a abordaxe directa e pedagóxica das cuestións materiais.

Trátase de sinalar un horizonte compartido, un proxecto de novo país construído a partir da Galiza real, a partir da súa diversidade. Como se avanza cara a ese horizonte? A través do **empoderamento económico, social e cultural da Galiza**: construíndo un tecido social e económico máis vivo, dinámico e conectado; mobilizando e conectando as enerxías do país nun deseño máis

Conclusións do Proceso Adiante

autocentrado, máis consciente, máis intelixente e orientado a crear riqueza e emprego no propio país; desenvolvendo unha batería de propostas políticas de país, centradas na súa recuperación.

O nacionalismo, o BNG, deben ser unha ferramenta útil e accesíbel para esa ampla maioría necesitada de certezas, seguranza, esperanza e futuro na propia Terra. O BNG debe ser capaz de formular un sentido para o futuro de Galiza, unha proposta para a modernización, o progreso e o benestar do país que sexa quen de resultar atractiva e inclusiva para a maioría do noso pobo.

E iso obríganos a ser conscientes de que non o poderemos facer desde unha posición romántica ou ideolóxista de impugnación plena dos *consensos* impostos neste momento, senón desde unha actuación intelixente que se faga cargo das condicións e *verdades* existentes para, aceptando traballar nese marco, crear desde dentro todas as contradicións posibles que permitan afianzar e facer medrar a nosa proposta alternativa.

2.4. SIMPLIFICAR E UNIFICAR O DISCURSO

O noso discurso político debe ser comprensíbel e claro, e debe procurar ocupar o espazo do *beneficioso* e do *desexábel*, do que é *de sentido común*. Para logralo ten que ser formular de xeito necesariamente simple, isto é, debe estar construído de maneira que coa súa explicación logremos construír un relato *facilmente comprensíbel e reproducíbel* por quen nos escoita.

Falamos pois de simplicidade do discurso asociándoo non a carencias de rigor ou solvencia, senón a eficacia á hora de xerar vínculos, empatía e capacidade pedagóxica. Trátase de sermos capaces de fabricar palabras, imaxes, conceptos, frases e ideas simples, gráficas, que trasladen con clareza a nosa explicación do que está a acontecer e as nosas propostas ao respecto.

Para o lograrnos cómpre desenvolvermos un importante traballo previo de *tradución/simplificación* da nosa diagnose política a fórmulas concretas de discurso que nos abran o campo de persoas destinatarias. E temos que facelo dirixíndonos á nosa sociedade desde a súa propia linguaxe, subxectividade, referencias, non pretendendo que a sociedade asuma as da nosa cultura política como propias.

Considérase imprescindible a recuperación dos argumentarios para cargos públicos, documentos que expresen brevemente cales son as ideas básicas que queremos lanzar acompañadas dunha batería de exemplos.

2.5. ACTUALIZAR O IMAXINARIO

O significativo nacionalismo pode acoller significados diferentes no campo social, sabémolo ben, e nos últimos anos –parello ao desgaste da marca BNG– produciuse tamén un importante desgaste,

Conclusións do Proceso Adiante

deterioración e caricaturización mediática do que o nacionalismo é, representa e busca.

Ninguén vai explicar á nosa sociedade mellor ca nós quen somos e que queremos, e toca facelo de novo a partir dun imaxinario actualizado, que parta das referencias da Galiza actual. De o non facermos, estaremos a permitir que outros actores constrúan sobre nós a imaxe social que a eles lles interesa.

O noso discurso, hoxe, ten que partir dun coñecemento e de asumirmos plenamente a Galiza realmente existente e, a partir dela, debuxar un horizonte de esperanza, proxectar e sinalar un lugar de chegada que sexa desexábel, realista e beneficioso para a ampla maioría do noso pobo.

No BNG debatemos e acordamos avanzar na actualización do imaxinario e do campo de referencias simbólicas do nacionalismo, e de feito estivémolo a facer xa nas últimas campañas electorais. Trátase de perfilar as formas e as maneiras de desenvolver a aposta para conseguirmos instalar na sociedade galega a imaxe social que queremos que o nacionalismo teña.

A linguaxe, o discurso, os materiais, as actitudes, a militancia..., todo o que fagamos debe ir na liña de asentarmos unha percepción determinada: o nacionalismo –e o propio BNG– como un espazo político aberto, inclusivo, amábel, dialogante, útil e plural, e vinculado claramente a conceptos asentados no marco do sentido común progresista: a loita pola igualdade e contra as discriminacións, o pacifismo, o internacionalismo e solidariedade entre os pobos, o respecto á diversidade. Trátase de fixar a idea do nacionalismo como a chave para abrir un futuro mellor, para construír un proxecto de país novo e diferente, inclusivo e aberto, con emprego e benestar.

Esa necesaria actualización ou resignificación do imaxinario e da cultura política do nacionalismo ten, para ser eficaz, que abordar determinadas cuestións centrais no campo de definición política: identidade e lingua, nacionalismo e internacionalismo, a Galiza como proxecto compartido, tradición plural do nacionalismo galego..., e ser capaz de formular novas fórmulas discursivas para unha traslación social eficaz e inclusiva das nosas posicións en cada temas.

2.6. ESTRATEXIA

Persoas destinatarias

Pódese votar e apoiar o BNG séxase nacionalista ou non, fálese galego ou non, séxase traballador/a, autónomo/a ou xubilado/a, názase aquí ou fóra. E pódese facer porque o proxecto do nacionalismo é en todos os casos o mellor para a Galiza, a caixa de ferramentas que pon en marcha un país novo, con futuro, con emprego e con benestar. Ou sexa, *o nacionalismo tamén é para ti*. E así temos que dicilo, verbalizándoo con clareza.

En coherencia con isto, convén que cada vez máis a nosa práctica política sexa presentada non

Conclusións do Proceso Adiante

unicamente como expresión da natureza ideolóxica do noso proxecto, senón como parte directamente constitutiva deste. Nunha sociedade plural e diversa como a galega, as motivacións e as formas de apoiar ao nacionalismo han de ser naturalmente tamén diversas.

Non nos diriximos, pois, unicamente ás persoas nacionalistas: dirixímonos á grande maioría social que quere, coma nós, vivir nun país xusto, próspero, moderno, desenvolvido, con futuro, capaz de crear emprego de calidade a partir dos seus recursos, capaz de garantir servizos públicos universais, un país de alta calidade democrática, solidario e avanzado no recoñecemento dos dereitos das persoas e dos pobos.

Dirixímonos a todas as persoas que, voten o que voten, sintan o que sintan no plano identitario, falen o que falen, precisan dunha forza política que defenda a gran maioría social condicionada e impedida nas súas vidas polos recortes, o desemprego, a vivenda, a falta de oportunidades para desenvolver os proxectos vitais. O BNG debe comunicar con clareza que aspira e quere ser a forza política de toda esa xente, a forza política capaz de poner enriba da mesa un proxecto de novo país compartido, plural, aberto e con futuro.

As persoas votamos, mobilizámonos ou participamos de proxectos con consciencia, identidade e esperanza de cambio. Queremos ser parte de algo que avanza nunha dirección, algo co que nos sentimos identificadas. Ese algo, no noso caso, é a posibilidade *dun tempo novo para Galiza e para a nosa sociedade*. Correspóndenos tamén a nós, co noso discurso público, encher de contido esa idea, concretar que significados vinculamos a ese significante. Un país vivo, decente, moderno, aberto, con futuro. Un país de que todas e todos podemos facer parte. Un proxecto a soñar, pensar e construír desde a pluralidade da sociedade galega realmente existente. As formas, canles e estilo cos que transmitamos a nosa mensaxe resultan fundamentais para a súa eficacia no asentamento dunha determinada percepción sobre nós.

Linguaxe, estilo e ton

Interéstanos desmontar tópicos e imaxes negativas construídas sobre nós, e imos facelo reforzando un estilo de comunicación fresco, inclusivo, en positivo e intelixíbel pola maioría.

Procuraremos desintelectualizar as mensaxes e desbotar o uso de linguaxes especializadas, estereotipadas ou connotadas con outras opcións políticas. Debemos tentar ter pedagogía nas nosas explicacións, mais nunca ser paternalistas nin pedantes. As persoas do BNG non deben pontificar, nin asoballar con todas as súas respostas e posición pechadas, deben escoitar e contrastar desde a escoita activa e a vontade de diálogo.

Trátase de explicar a utilidade, solvencia e pertinencia das nosas propostas, apoiándonos nunha linguaxe sinxela, clara e comprensíbel. E, por suposto, trátase de formular a crítica que sexa precisa, con contundencia se o contexto o demandar, ás demais forzas polas decisións que adoptaren, mais nunca ás persoas que as votan nin ás que simpatizan con elas.

Conclusións do Proceso Adiante

Nas intervencións, debemos ter clareza e concisión, ser entendíbeis para todo o público potencialmente receptor, fuxindo de tecnicismos e de terminoloxía propia da nosa cultura política, moi interiorizados por nós mais que non din nada á maioría da xente. Menos cifras e porcentaxes, máis experiencias concretas e vivencias persoais.

Queremos asociar as nosas propostas á vida diaria das persoas, e para facelo non podemos empregar terminoloxía abstracta ou académica. Iso non quere dicir perder rigor, senón comunicar desde os exemplos concretos e desde un relato comprensíbel. Simplicidade.

Propónse continuar e reforzar o estilo de comunicación das eleccións galegas, con iniciativas e materiais que esperten simpatía e curiosidade nas persoas destinatarias e que nos axuden a abrir e a actualizar o imaxinario e o campo de referencias simbólicas asociado ao nacionalismo.

A nosa linguaxe debe ser inclusiva e estar construída en positivo, non á contra. Falamos de nós, das nosas ideas e propostas e de cómo se vinculan á resolución dos problemas e demandas sociais. E facémolo de forma clara e respectuosa.

Persoas. Quen comunica?

As persoas referentes públicas son a cara do BNG e deben contar, neste sentido, con formación de apoio específica no campo da comunicación oral, a relación cos medios e a intervención social e institucional.

Gañamos cando somos firmes, convincentes e temos un sorriso na boca. Perdemos na descualificación gratuita, o insulto, o histrionismo impostado. O comportamento e a forma de comunicar das e dos referentes e cadros do BNG inflúe decisivamente na percepción asociada a nós como forza política. Temos que ser nós mesm@s -no que facemos e dicimos- o exemplo daquilo que queremos conseguir. Apostar pola inclusión, o optimismo e confiar nas capacidades do país, con rigor, con vontade de escoita, de cooperación e de acordo, con alegría.

Debemos comunicar con rigor e con emoción. Precisamos apelar non só ao racional, senón tamén -e fundamentalmente- ao emocional. Precisamos construír un relato emocional máis alá das propostas concretas. Vincular as ideas a sentimentos e valores. Convencer emocionando.

Mais é importante salientar que a percepción existente sobre o BNG non depende unicamente dos seus cadros e referentes públicos nacionais. O comportamento da militancia do BNG, na vida política presencial e nas redes, fai parte importante na creación da imaxe e opinión que sobre o BNG teñen as persoas que nos rodean. Resulta importante neste sentido que o conxunto do corpo social nacionalista procure compartir e desenvolver un mesmo estilo de comunicación respectuoso, argumentativo, proactivo, afable e inclusivo.

Conclusións do Proceso Adiante

Estética e identidade visual

Do Proceso Adiante debe saír unha decisión clara con respecto á identidade e marca social da nosa forza política, que pode afectar ao propio nome, imaxe visual, logotipo, etc

Como proceso de refundación que é, semella que saírmos do Proceso Adiante coa mesma estética actual trasladaría unha certa sensación de inmovilismo que non sería acaído nin intelixente en termos comunicativos. Porén, antes de mudar de forma radical a nosa denominación cómpre termos en conta diferentes aspectos vinculados ao seu nivel de coñecemento e aceptación, así como ás ideas e valores asociados que leva consigo despois de máis de tres décadas de existencia.

A opción máis aconsellábel e que parece reunir máis consenso neste momento do debate parece ser a que propón unha actualización e modernización da denominación e do logotipo, mais sen abandonar a referencialidade que ten gañada a marca BNG/Bloque.

Sexa cal for o resultado final nesta cuestión, o que parece claro e que é preciso que a decisión que se adopte sexa consultada e contrastada con especialistas e persoas expertas en comunicación política, publicidade e identidade de marca, e que se tome unha decisión para ser mantida no tempo.

A modernización estética e a escolla dunha identidade visual determinada debe levar a aparellada o seu uso e aplicación en todas as derivacións da organización (materiais, locais, soportes de difusión, contidos dixitais e físicos, etc). Para iso é preciso a elaboración dun manual de identidade que fixe con claridade as normas de uso da estética da organización para todo tipo de usos.

Creatividade. Materiais e soportes

Existe concordancia en que a última campaña electoral marca o exemplo do tipo de materiais e soportes de propaganda que o BNG debe desenvolver. Os materiais do BNG deben principalmente ser eficaces na consecución dos obxectivos de comunicación definidos a nivel xeral e deben gardar relación coherente na forma (estilo, linguaxe, ton) e no contido (ideas forza, temas) cos eixos de discurso definidos na estratexia política e de comunicación da organización.

Na súa realización apóstase por desenvolverlos contando coa participación de persoas creativas e iniciativas innovadoras e emerxentes no panorama galego do deseño, a imaxe, o audiovisual, etc A decisión de con quen traballamos é importante, porque tamén comunica. A aposta por iniciativas creativas innovadoras e galegas debe ser unha marca propia do BNG.

Canto ao tipo de soportes e o seu estilo parece unánime a necesidade de apostar pola creación de materiais audiovisuais, sen por iso desbotar outros máis convencionais.

2.7. ORGANIZACIÓN INTERNA

Conformación do equipo de comunicación do BNG

Enténdese precisa a creación dun equipo estábel de traballo na área de comunicación, vinculado á Executiva Nacional e cunha área específica de traballo nela, que coordine e integre o traballo a facer nas seguintes sub-áreas: prensa e medios, imaxe e propaganda, web nacional, redes sociais, comunicación interna e formación específica en comunicación política.

Formación específica en comunicación política

Considérase fundamental proceder ao desenvolvemento de accións formativas estábeis no campo da comunicación política. Proponse como fórmulas a organización anual dunha Escola de Comunicación Política e o desenvolvemento de seminarios territoriais ao longo do ano en aspectos como a comunicación pública, a oratoria ou a relación cos medios.

MESAS 6-7

MODELO ORGANIZATIVO, PAPEL DAS ASEMBLEAS E PARTICIPACIÓN DE SIMPATIZANTES

o. Limiar

Durante o proceso de asembleas locais abertas desenvolvidas durante a primeira fase, este foi un dos temas que despertou maior interese no debate -en termos abertos e sen condicións previas- e que foi tamén obxecto de análise na correspondente Mesa sectorial, en que realizaron achegas 22 compañeiras e compañeiros.

Como cuestión previa, cabe sinalar o unánime recoñecemento e posta en valor da organización -entendida como o conxunto da militancia e corpo social nacionalista- ao longo da historia do BNG e, expresamente, o seu papel extraordinario nos últimos tempos, resistindo unha forte presión externa e mantendo con firmeza os principios nacionalistas, a necesidade da autoorganización do pobo galego e a defensa dun proxecto nacionalista propio para Galiza. A militancia é, sen dúbida, o mellor e maior valor do BNG, algo que esta demostrou en diferentes circunstancias difíciles e contextos complexos.

1. Definición e modelo do instrumento político nacionalista

a) Vixencia do BNG. O BNG continúa a ser o instrumento político máis válido para a articulación do nacionalismo na Galiza. Non é unha formación política convencional máis nin debe selo, nin nos obxectivos que procura, nin na súa praxe, nin no xeito de se organizar. Trátase dunha organización asemblearia na súa toma de decisión, plural e diversa na súa composición, e movemento popular nacionalista na súa práctica política e social.

Como consideración previa, cómpre sinalar que a posibilidade de modificación da marca ou denominación dunha organización - neste caso o BNG- non deba ser nunca impedimento para que o proxecto político nacionalista medre e incremente efectivos, de se daren as circunstancias. O importante é o proxecto político nacionalista, non as siglas. Así aconteceu no seu día cunha AN-PG que deu paso ao BNG, e que permitiu fortalecer e alargar o nacionalismo. Daquela, se o cambio de denominación, organización e estrutura do BNG fosen positivos para o avance do nacionalismo, non habería ningunha dúbida na necesidade de acometer ese proceso con determinación.

Con todo, a análise maioritaria coincide na necesidade política de manter a marca e denominación “Bloque Nacionalista Galego (BNG)”, fundamentándose nas seguintes razóns:

- Denominación histórica, moi consolidada e cun elevadísimo nivel de coñecemento social.
- Non se coñece demanda social, nin tampouco a nivel interno -existe práctica unanimidade nas asembleas de base realizadas- de proceder a ningún cambio destas características. De xeito moi maioritario, a militancia séntese identificada e orgullosa da denominación actual.
- A marca ten moitas fortalezas: vincúlase a un historial de loita, de coherencia, de honestidade e de entrega á Galiza. Mesmo na actualidade, é unha marca revalorizada e con maior referencialidade social.
- En función de determinadas circunstancias electorais podería ser posíbel acrecentar ao BNG

Conclusións do Proceso Adiante

unha outra adición (nunca substitución), sempre que implique suma, tal e como se ten feito en recentes procesos electorais. Aínda así, autocriticamente, moitas asembleas sinalaron como erro prescindir da marca BNG nas eleccións xerais de 2015.

- Débese estudar tecnicamente a opción de actualizar esteticamente imaxe visual e logotipo do BNG.

b) Recoñecemento da diversidade ideolóxica e organización interna:

O BNG é unha organización plural e diversa política e ideoloxicamente. Non é un desexo nin unha interpretación: É unha constatación evidente da historia do nacionalismo galego e da súa realidade actual.

Nese contexto, de xeito moi maioritario deféndese o recoñecemento e respecto á diversidade e do pluralismo internos como garantía democrática e mesmo como estrutura organizativa que favoreza eventuais integracións colectivas.

A tradución en termos organizativos desta análise pasa pola defensa dunha estrutura frontista de adscrición individual e de funcionamento unitario. Cada militante debe ter os mesmos dereitos e deberes, con independencia da súa filiación ou non a algún dos partidos ou colectivos integrados no BNG.

O pluralismo político é un valor democrático. Sería un erro “uniformizar” o BNG e convertelo nun partido convencional ideoloxicamente homoxéneo. Pola contra, a estrutura frontista permite facer do BNG un espazo común para quen quixer sumar, individual ou colectivamente, o seu traballo ao proxecto de liberación nacional, e favorece a verificación da vontade de unidade nacionalista no futuro.

Considérase que o frontismo non é unha fórmula obsoleta, senón novidosa, e aplicada hoxe en moitas organizacións e movementos de todo o mundo. Valorízase socialmente o pluralismo, non o monolitismo.

Tendo en conta todas as opinións vertidas, fórmulanse as seguintes opcións:

- Alternativa A: O BNG como organización frontista de adscrición individual e de funcionamento unitario, existindo diversas opcións á hora de verificar a representación de partidos e colectivos nos órganos de dirección da frente. Esta foi a opción maioritaria.
- Alternativa B: Reconversión organizativa do BNG nun partido, por ser xa uniforme na acción política na sociedade, e non impedir ese carácter -o partidario- a entrada de persoas a nivel individual.

c) Unidade e cohesión como valores a preservar en todos os ámbitos. Nas asembleas de base

Conclusións do Proceso Adiante

desenvolvidas existe unha práctica unanimidade a respecto da experiencia do que significaron os procesos de ruptura no nacionalismo e as prácticas de división e crítica pública á organización. Esa dinámica xerou desmotivación, frustración, confusión, e dano á imaxe e credibilidade do BNG, que minguaron as posibilidades de penetración social e de medre electoral. Hai dinámicas que non se poden volver repetir: As diferenzas débense solventar internamente, e hai canles internas que o posibilitan. Coidar e alimentar o bo clima interno e o reforzo colectivo do ambiente de confianza e compañeirismo, non está rifado co debate político nin coa diversidade ideolóxica. A discrepancia e a diferenza enriquecen o debate político. A súa expresión nas asembleas e órganos do BNG é un dereito inalienábel de calquera militante.

Cómpre seguirmos recoñecendo o dereito democrático á discrepancia pública, sempre e cando non provoque obstáculos operativos na execución de decisións colectivas, unha vez adoptadas. Iso si, considérase que as diferenzas deben ser primeiro tratadas internamente, no marco organizativo do BNG, e sempre respectando, finalmente, as decisións colectivas.

2. Dinámica de funcionamento interno. O asemblearismo, a democracia e a participación

As carencias en materia de participación non son patrimonio da vida interna do BNG. É unha tendencia social, promovida desde o sistema, que procura o individualismo e combate á organización colectiva. Con todo, existen medidas correctoras que deben ser incorporadas co fin de favorecer unha maior implicación no traballo e na toma de decisións por parte do conxunto do corpo social organizado no BNG.

A militancia do BNG é cuantitativamente importante, en comparación con outras organizacións políticas, e cualitativamente tamén máis entregada que outras formacións. Con todo, o nivel de compromiso é desigual, e ten a ver con factores obxectivos e subxectivos de diverso signo.

Cómpre desburocratizar o funcionamento interno do BNG. A prioridade non será centrar os esforzos militantes (e o seu tempo dispoñíbel) nas estruturas internas, senón na intervención social. Menos reunións, máis curtas e produtivas, e máis traballo na rúa, político e social. Insístese na autocrítica por non sermos quen de corrixir erros e clixés do pasado (burocracia, acomodación, falta de iniciativa política, malos exemplos institucionais, non aproveitamento de todo o noso potencial, etc.), a pesar de seren advertidos nas últimas asembleas nacionais, e na asunción colectiva de que é posíbel mellorar substancialmente o método de funcionamento local, comarcal e nacional. Abrimos un novo ciclo no BNG que debe incorporar mudanzas tamén neste ámbito.

Así, como pautas de actuación internas, sinálanse as seguintes:

- Reafirmar o carácter asembleario do BNG e, daquela, apostar pola democracia e a participación como trazos básicos de funcionamento interno. Este é un dos principais sinais de identidade e valor do BNG recoñecidos dentro e fóra da organización.

Conclusións do Proceso Adiante

- O deseño da estratexia política, e a adopción de decisións políticas de calado, deben ser responsabilidade do conxunto do corpo organizado, non só do Consello Nacional, que en todo caso deberá orientar esa dinámica.
- Definir o papel das asembleas comarcais na toma de determinadas decisións políticas nacionais, de se daren as condicións de tempo (non urxentes), previa proposta do Consello Nacional. As asembleas comarcais, ademais de propoñeren e ratificaren, tamén deben poder adoptar decisións nacionais, convocándoas de xeito simultáneo e sumando os votos. Ese carácter decisorio, sen dúbida favorece unha maior implicación do corpo militante.
- Evitar a acumulación de asembleas e reunións en períodos moi curtos de tempos.
- Reunións máis curtas e resolutivas, máis atractivas, menos rutineiras e mellor preparadas previamente. Ordes de traballo máis definidas con tempos de debate previstos para cada punto e hora de inicio e remate fixadas de antemán, con quendas de palabra con tempos. Propiciarase a intervención de persoas diferentes, tamén de nova incorporación, e con intervencións non alongadas no tempo.
- Procura de consensos internos amplos, mais sen caer na inoperancia nin na perda de imediatez na resposta política. Promover a síntese de posicións nas conclusións.
- Igualdade de toda a militancia no acceso á información, na participación e toma de decisións asemblearias.
- Participación virtual. Cómpre estendela, mais sen que este método suplante as asembleas presenciais, agás no caso específico da emigración. Tendo en conta a realidade dunha parte da militancia do BNG, é preciso sermos conscientes de que o método telemático non se pode aplicar de xeito universal na organización.
- Sobre os grupos de traballo nacionais. Débense articular ferramentas dixitais para o seu funcionamento, co fin de facilitar a participación e evitar desprazamentos. Xúlgase preciso ampliar os campos das bases de datos para que conste a habilitación profesional de cada militante e simpatizante, as súas preferencias de traballo político, e aqueles ámbitos en que posúen experiencia ou coñecemento.
- Envío dun boletín periódico de información á militancia e simpatizantes.

3. Organización territorial

a) Obxectivos: facilitar participación, máis axilidade e operatividade. O obxectivo é facilitar a participación e a asistencia a reunións, mais tamén a operatividade política e o funcionamento normalizado. É fundamental incrementar a militancia e apostar pola organización e expansión territorial.

b) Revisión mapa comarcal. Contrastarase previamente cos consellos comarcais das 25 comarcas en que hoxe se estrutura o BNG, tendo en conta os obxectivos antes descritos, a adopción de

Conclusións do Proceso Adiante

medidas que impliquen:

- Novo mapa comarcal. A tendencia será a de facer coincidentes as comarcas naturais da nación co ámbito territorial das asembleas comarcais do BNG, mais tendo sempre presentes criterios operativos que garantan funcionamento normalizado, capacidade financeira mínima autoxestionada, recursos básicos, estrutura de cadros e base mínima de militantes e simpatizantes.
- Transitoriamente poderanse organizar subcomarcas, baixo autorización e supervisión do correspondente Consello Comarcal, até dispoñeren da dimensión mínima para pasaren a funcionar como comarcas, após acordo do Consello Nacional.
- De ser preciso procederase a fusionar asembleas comarcais que o precisaren, en función dos criterios antes enumerados.
- Paso dalgunhas asembleas locais a outras comarcas, en función de pautas operativas e de adscrición ás comarcas naturais.
- Novas denominacións para algunhas asembleas comarcais, adaptándoas ás das comarcas naturais en que se inclúen.
- Papel diferenciado da emigración, non como unha comarca máis. Facilitación da súa participación nos procesos nacionais de toma de decisión.
- Onde for preciso, hai que implementar redes supracomarcais, sen que implique maior burocratismo.

c) Composición operativa órganos comarcais e locais. A composición de moitos consellos comarcais debe ser máis reducida e operativa, co fin de descargar traballo militante e centralo nas asembleas locais. Débense simplificar estas estruturas coas responsabilidades imprescindíbeis e adaptadas á realidade de cada ámbito concreto, conformados por compañeiros/as que asuman seriamente a responsabilidade comarcal. Non resulta realista aplicar un único criterio de composición e funcionamento dos consellos comarcais tendo en conta a diversidade de situacións hoxe existentes.

Así, cada consello comarcal ou local poderán ter composición diferente, adaptados á súa realidade política e organizativa. Cómpre evitar a acumulación de responsabilidades orgánicas e institucionais nunha mesma persoa, polo ben do compañeiro/a, mais sobre todo por garantir un funcionamento orgánico normal da localidade ou comarca. Terase como criterio, na conformación de órganos, a asistencia previa: quen non asiste regularmente, non debe repetir a presenza nese órgano, por ser un compromiso ficticio, e por alterar o normal funcionamento dese órgano.

Un obxectivo, tendo en conta a realidade de pequenos concellos, debe ser a creación e recoñecemento de grupos de traballo locais en localidades sen asemblea, baixo supervisión do Consello Comarcal.

Conclusións do Proceso Adiante

Cada ámbito organizativo, local e comarcal, deberá contar cun plano de actuación específico no seu ámbito, con coñecemento da Área Nacional de Organización.

d) Expansión territorial e incremento organizativo. Este será un obxectivo prioritario para todas as asembleas comarcais. O incremento da militancia terá obxectivos territorializados, localidade a localidade, e contará con avaliación periódica.

É importante que exista un contacto periódico, presencial, da dirección do BNG en todas as comarcas, co fin de recibir directamente propostas e achegas e trasladar posicións e análises realizados polos órganos nacionais.

En relación coas comarcas que se encontran fóra dos lindes administrativos da comunidade autónoma, prestaraselles atención, con responsábeis concretos para cada unha desas áreas. Estudarase algún tipo de iniciativa de ligazón institucional coa Galiza, sobre todo no caso do Bierzo, contando co apoio de organizacións políticas, sociais e culturais desa comarca.

4. Formación

Nunha nación anulada como a que pretendemos liberar, resulta evidente que a adquisición de coñecementos mínimos sobre o país, a súa historia -desalienada-, o uso da lingua, ou nocións sobre principios político-ideolóxicos do nacionalismo, só poden ser facilitados directamente polo BNG ou organizacións e entidades do campo nacionalista, non por institucións oficiais nin polo sistema educativo.

Precísase, daquela, unha área ou responsabilidade nacional específica de formación que sexa quen de articular accións neste ámbito.

a) De cadros. Resulta prioritaria a posta en marcha dunha política de formación continua teórica, de actuación práctica e de dinámica de reunións dirixida a responsábeis, referentes e cadros comarcais e locais. Debe ser preocupación permanente o relevo natural e non traumático de referentes e cadros a nivel nacional, comarcal e local, co fin de garantir o futuro e a viabilidade da organización e do proxecto nacionalista. Poranse en marcha as seguintes medidas:

- Encontros nacionais/zonais periódicos dirixidos a responsábeis locais e comarcais. Prioridades, pautas de actuación no traballo político, social e orgánico, etc.
- Encontros periódicos de concelleiras/os e alcaldes/esas, e articulación dun banco de iniciativas / boas prácticas para uso institucional e coñecemento na organización.
- Accións de formación e combate ao localismo, á acomodación, ao burocratismo, ao ideoloxismo. Incentivo da imaxinación e da creatividade. Formación en materia de dinámica de reunións.

Conclusións do Proceso Adiante

b) Da militancia. Boletíns electrónicos internos periódicos/canles internas de información, web nacional, etc. É chave trasladar a cada militante a importancia do seu traballo na acción diaria: uso da lingua, proxección do nacionalismo no seu ámbito, así como os principios éticos de actuación e a participación en organizacións sociais de todo tipo -non só no BNG- como xeito acaído de penetración social.

Periodicamente deben ser enviados argumentarios relativos a cuestións de actualidade que trasladen posicionamentos do BNG, que permitan ao conxunto da organización ter coñecemento e dar debates en condicións no seu ámbito máis directo.

Débese tender a un maior aproveitamento das capacidades da militancia (analíticas e operativas) para un novo modelo organizativo máis militante.

En relación coa entrada de novos militantes, débese “protocolarizar” coa entrega de material básico relativo ao BNG (principios, obxectivos, funcionamento) e ao nacionalismo.

c) Papel da Fundación Galiza Sempre. Laboratorio de ideas do nacionalismo. Debe diversificar as súas funcións a campos diversos do coñecemento, coas correspondentes accións de difusión, ademais de promover análises sobre cuestións de interese nacionalista, e acompañar ao BNG nas súas posicións.

5. O papel das persoas simpatizantes

Os perfís das persoas simpatizantes son moi variados, e non sempre se vai producir o paso de simpatizantes a militantes, aínda que haxa que potenciar ese obxectivo. Cómpre sistematizar e actualizar periodicamente o censo e rede de simpatizantes. Á vista da experiencia das asembleas abertas, Avante Galiza, Nós-Candidatura Galega, colaboración directa co BNG fundamentalmente no ámbito local, etc., concluímos que a organización do continxente diverso de simpatizantes contribúe claramente ao obxectivo de fortalecer o BNG. Na práctica, moitas destas persoas son parte do BNG, aínda sen carné nin cotas nin voto en asembleas nacionais, e cómpre recoñecelas como que son: adherentes ao proxecto político, e parte importante do BNG como movemento socio-político.

Cómpre recoñecer un catálogo de dereitos (a recibiren información de posicións políticas e actos, publicacións, realizaren propostas, asistiren a actividades, participaren en grupos de traballo, asembleas abertas, calquera cooperación voluntaria, voz e non voto, ou voz e voto cando o procedemento -nas asembleas locais- for ese, formulación de críticas, observacións, propostas) e deberes (inscripción nun censo), facendo así parte da organización. Debe ser traballo prioritario das asembleas locais elaborar o censo de simpatizantes (que deberá ser trasladado a nivel nacional),

Conclusións do Proceso Adiante

dando tamén oportunidade para colaborar -do xeito que for- coa organización: electoral, económica, política, etc.

As asembleas abertas continúan a ser un bo método para facer partícipes da vida do BNG a persoas sen filiación política. Débense regularizar periodicamente, preparalas, e dotalas de contidos.

Un caso específico é o dos cargos institucionais do BNG sen militancia orgánica, que deben poder participar nos espazos de decisión que teñan a ver coa súa responsabilidade.

Con todo, débese ter sempre presente que as persoas simpatizantes non son un colectivo, senón un estado que debe ser transitorio, de cara á súa definitiva incorporación á organización, que debe ser o obxectivo. Noutras palabras: o que non se debe é fomentar a non-militancia.

6. A organización xuvenil

Moitas das asembleas realizadas durante este proceso coinciden na necesidade prioritaria de o nacionalismo se dirixir á mocidade, recuperando espazos e referencialidade, e considerando o traballo xuvenil como estratéxico para o presente e o futuro do proxecto político nacionalista.

Esta análise, do punto de vista organizativo, débese traducir nas seguintes medidas:

- Apoio real do BNG, práctico, político e loxístico a Galiza Nova.
- Imaxe pública do BNG con referencias xuvenís e en xeral con elementos dirixidos a ese sector social.
- Maior coordinación coa organización xuvenil, co fin de evitar solapamentos na planificación de traballo e actividades.
- Actualización do protocolo de integración de Galiza Nova no BNG (1991), recoñecendo o seu labor e incorporando garantías de presenza en candidaturas e programas, en todos os órganos de dirección, campañas e actos políticos, planificacións organizativas, formación de cadros, infraestrutura, etc. O novo protocolo debe ser aprobado pola Asemblea Nacional do BNG.
- Maior integración de Galiza Nova e a súa militancia nas estruturas e no traballo do BNG.

7. Comisión de Garantías. Nova funcionalidade

Ademais de manter a súa función de preservar os dereitos da militancia, debe asumir novos cometidos, como os de velar polo cumprimento e execución dos acordos da asemblea nacional (en comunicación coa dirección política do BNG), garantir a convocatoria regular de órganos en toda a estrutura organizativa, etc.

8. Órganos de dirección nacional

Tendo en conta o carácter assembleario e a estrutura frontista do BNG, a Executiva Nacional pasará a se denominar Mesa Permanente. Canto á súa composición, aínda de se manteren as áreas nacionais colectivas, faise preciso concretar responsabilidades concretas en persoas específicas. Tal e como se apuntou, cómpre fixar unha responsabilidade ou área dedicada expresamente á política de formación.

Coas reservas lóxicas de non coñecer o número de candidaturas que se presentarán na asemblea nacional, xúlgase preciso que a elección de órganos debe contar previamente co reparto de tarefas de responsabilidade e non á inversa, como acontece agora.

No tocante á composición do Consello Nacional, é importante garantir a presenza de activistas sociais ou compañeiras/os sen responsabilidade institucional, co fin de que as análises deste órgano graviten de xeito equilibrado na diversidade de traballos políticos, sociais e institucionais que de feito desenvolve o BNG na súa acción cotiá. Integrantes deste órgano de dirección deben comprometerse previamente a asistir regularmente ás súas reunións, e a exercer as responsabilidades que se lles encomendaren.

9. Finanzas

a) Independencia. Débese valorar o BNG, tamén neste ámbito, como unha organización única, tendo en conta o compromiso, tamén en materia económica, que adquire a súa militancia e cargos institucionais.

Co obxectivo a medio prazo de liquidar calquera tipo de crédito, adoptaranse as seguintes medidas:

- Continuar coa sistematización da contribución financeira de militantes, simpatizantes e cargos públicos, vital para un BNG operativo e autofinanciado, restrinxindo na medida do posíbel recorrer a cotas extras para sufragar campañas electorais.
- Novos métodos de financiamento, individuais e colectivos. Responsabilidade da militancia na venda de lotaría, propaganda, organización do FESTIGAL e outros actos nacionais, etc.
- Continuar coa política de contención e aforro nas campañas electorais: non gastar máis do que se pode recadar. Campañas fundamentadas no traballo militante.
- Plans e orzamentos en cada unha das comarcas, tamén para o seu autofinanciamento e non dependencia da caixa nacional.
- Formación específica para responsábeis comarcais de finanzas.

b) Transparencia. Contas públicas do BNG, dando conta a cada militante e pendurándoas da páxina web nacional, as relativas aos orzamentos anuais e contas de campañas electorais.

c) Pautas de actuación. Deben ser homoxéneas en todas as comarcas. Os gastos máis importantes das comarcas deben contar con informe favorábel da Área Nacional de Organización.

10. Novos estatutos

Á vista da profundidade das mudanzas a acometer, óptase non por realizar unha emenda aos actuais estatutos, senón unha proposta, completa, de novas normas e principios de funcionamento organizativo do BNG.

O criterio a empregar será para a nova elaboración será o de tender á maior simplificación e adaptación á organización que hoxe temos.

A resolver, o método de elección de órganos de dirección, con:

- Alternativa A: Candidatura(s) conxunta(s) (o Consello Nacional saínte poderá realizar unha proposta de candidatura procedente de achegas das asembleas comarcais) encabezada(s) coa persoa candidata a Portavoz nacional.
- Alternativa B: Elección do Consello Nacional a través de listaxes abertas -mínimo de 15 persoas candidatas, podéndose elixir 1 ou varias- ou militantes a título individual. Os 50 que reciban máis votos serán elixidas para o Consello Nacional // Cada candidata/o, 10 avais de militantes. Portavoz nacional: quen reciba máis votos, con independencia de se presentar individualmente ou nunha candidatura colectiva.

En relación cos votos particulares de membros do Consello Nacional:

- Alternativa A: manter o dereito a voto particular por parte de membros do Consello Nacional que disintan na súa totalidade ou en parte das teses de debate para a asemblea nacional aprobadas por este órgano.
- Alternativa B: Eliminar o dereito a voto particular por parte de membros do Consello Nacional.